



CAMIÑOS DA CULTURA/ 2017

www.culturactiva.org



ÍNDICE

CAMIÑOS DA CULTURA/ 2017

INTRODUCCIÓN

CATÁLOGO /ESCENA/ 2017

FAMILIAR /TEATRO E COMEDIA/ GALICIA

OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

☆ Concerto Magnífico

BAOBAB TEATRO

☆ O lobo e a lúa

BAOBAB TEATRO

☆ Luppo

SMART

☆ SMART

PÍSCORE

☆ Concerto singular

TRÍO REFUGALLO

☆ Ritmo de Refugallo

FAMILIAR /CIRCO

ISLA LETRISKA

☆ Letriska Inmobile

OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

☆ Dous pallasos en máis apuros

CIRCO CHOSCO

☆ Forzu2

DESASTRONAUTS

☆ Máis alto aínda

RUDI DUDI

☆ Rastafarudi

CULTURACTIVA

☆ Gala de Circo

INFANTIL /MAXIA/ GALICIA

DANI GARCÍA

☆ Código

MUNDOMANDARINA

☆ Mi abuelo es mago

MUNDOMANDARINA

☆ Laboratorio Máxico

☆ Un Ramón de Mandarinas

DANI GARCÍA

☆ Volta á maxia

MAGO TETO

☆ A feira máxica

INFANTIL /MONICREQUES E CONTACONTOS

FRAN REI

☆ O conto de Barriga Verde

FRAN REI

☆ A galiña azul

DABOAPIPA

☆ Contos do animalario

☆ Contos e lerias

ADULTO /TEATRO E COMEDIA/ GALICIA

CULTURACTIVA

☆ Falar sen cancelas

ACONTRABUTACA

☆ Dous son parella

OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

☆ Bivalvos como galegos

CULTURACTIVA

☆ Retrincos de Castelao

ADULTO/ CONTACONTOS E MONÓLOGOS

DABOAPIPA

☆ Historias de vida, amor, guerra e case morte

DABOAPIPA

☆ Lavandeiras

ISABEL RISCO

☆ Nabiza Girl

SERGIO PAZOS

☆ Se non o conto rebento

LOIS PÉREZ

☆ Historias da fronteira

☆ Sacar a lingua a p(r)acer

CATÁLOGO /MÚSICA/ 2017

MÚSICA/ DE ESCENARIO

GUADI GALEGO

☆ O mundo está parado

SUMRRÁ

☆ Sumrrá V Journeys

CAXADE

☆ E isto é o amor

LEILÍA

☆ CONSentimento

TALABARTE

☆ Fake

O SONORO MAXÍN

☆ Sete e dezasete

VAAMONDE, LAMAS E ROMERO

☆ O tambor de prata

SÉRGIO TANNUS

☆ Son brasileiro

PANDEIROMUS

☆ Teño Días

COANHADEIRA

☆ Bicos con luvas

ORQUESTRA OS MODERNOS

☆ Dissimulem!

BOLBORETA

☆ Metamorphose

ROCK GALEGO

☆ Foxy Freire

☆ Martelo

GUADI GALEGO

☆ O mundo está parado con convidad@s especiais

TALABARTE

☆ Ao son da cociña

SUMRRÁ

☆ Sumrrá and friends

VAAMONDE, LAMAS E ROMERO

☆ Coa túa banda de música

VERBENA GALEGA

☆ Verbena Galega 2017

MÚSICA/ DE RÚA

FANFARRIA TAQUIKARDIA

☆ Música taquikárdica

APERTA

☆ Bloquinho brasileiro

TRÓPICO DE GRELOS

☆ Bloquinho brasileiro

O SONORO MAXÍN

☆ A onda sonora na rúa

CÉ ORQUESTRA PANTASMA

☆ Home orchestra

OS MONIFATES

☆ Os Monifates



INTRODUCCIÓN

Desde **Culturactiva SCG** distribuimos un grande abano de espectáculos e compañías galegas, do Estado e do resto do mundo, para llas levar a programadores/as, concellos, festivais, entidades e programacións do mercado local, estatal e europeo. Ofrecemos unha ampla gama de espectáculos teatrais e musicais do máis destacado, tanto desde o punto de vista da calidade das propostas como na variedade das mesmas. Este catálogo que presentamos a continuación tan só é unha pequena mostra da nosa oferta. Ao estarmos especializados tanto no desenvolvemento de programacións culturais como na xestión integral de todo tipo de evento, traballamos cun número de compañías e grupos moito máis elevado do que amosamos nesta selección. Grazas a esta aproximación, poderá coñecer mellor a nosa oferta e pórse en contacto connosco. En Culturactiva estamos ao seu dispor para estudar, artellar e propor programacións, proxectos ou intervencións en cada caso concreto. Na actualidade, somos a principal distribuidora de teatro en Galicia, e traballamos en moitos e moi diversos estilos, sempre co humor e a calidade como nexo de unión e referencia dos nosos espectáculos: teatro de rúa, clown, circo, música, maxia, teatro de interior, teatro cómico, animacións, inauguracións ou pasarrúas son algunhas das posibilidades á hora de confeccionar as nosas propostas de programacións. Toda esta oferta poñémola á disposición dos nosos clientes, para que sexan eles mesmos quen poidan deseñar o seu programa máis acaído, adaptando as nosas propostas a todos os niveis (orçamento, formato, estilo, etc.). Traballamos con todo tipo de entidades, desde concellos a asociacións veciñais, ANPAs, comisións de festas ou fundacións bancarias. Tamén coa administración pública en xeral e con empresas. Non só nos dedicamos á venda teatral, senón

que tamén ofrecemos os nosos servizos integrais, e encargámonos de todo o que implica a elaboración dunha programación (diseño, prensa, produción, direccións, xestión). Grazas ao noso traballo e á nosa experiencia, actualmente encargámonos da distribución en exclusiva de compañías de gran prestixio e talento que, desde hai anos, confían en nós para as súas actuacións en Galicia. Tamén artistas estatais coma Yllana, e internacionais coma Leo Bassi, traballan con Culturactiva cada vez que chegan ás nosas salas, as nosas rúas e prazas, unha auténtica satisfacción para esta distribuidora que tamén se implica desde as súas orixes na promoción de compañías galegas de contrastada traxectoria como son, entre outras moitas, Os Sete Magníficos Máis Un, Daboapipa, Mundomandarina, o mago Dani García, Serxio Pazos ou Desastronauts. As compañías e bandas (Guadi Galego, Talabarte, O Sonoro Maxín, Caxade, Leilía... Alén do booking internacional) que conforman a nosa oferta, co seu talento e o seu esforzo artístico, constitúen, ademais, o conxunto de ferramentas que nos permiten seguir medrando ano tras ano, que nos motivan para continuar creando e transformando a cultura do noso país festa a festa, parroquia a parroquia, vila a vila, cidade a cidade. A clave das nosas propostas é que toda a sociedade é activa na creación da cultura: #culturactívatel

Para afondar nestas propostas poden contactar connosco:

www.culturactiva.org

981 582 836

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org 



CATÁLOGO /ESCENA/ 2017

www.culturactiva.org





FAMILIAR /TEATRO E COMEDIA/ GALICIA



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Fran Rei e Pedro Brandariz

Dirección: Iván Prado

Xéneros: *clown*

Duración: 60 minutos

Público: Público Familiar

Tipo espectáculo: *Clown*

⊕ info

🎬 ver vídeo

OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

Concerto Magnífico

A COMPAÑÍA


Esta compañía de clown naceu en 2001 ao abeiro do Festival Internacional de Clown de Galicia (**Festiclown**) e leva xa máis dun decenio sendo a súa compañía oficial. Ademais de seren, co formato *Os Ramistas*, a pincelada cómica do programa **Luar** da TVG, o dúo integrado por Fran Rei e Pedro Brandariz leva xa máis de dez espectáculos ás súas costas, coma *Dous Pallasos en Máis Apuros*, *Dous pallasos en apuros*, *O gordo e o calvo van ao médico* ou *Mañá será outro día*, ademais de espectáculos unipersoais de contacontos capitaneados por Fran Rei, coma *A Historia de Brancaflor* ou *O conto de Barriga Verde*, estreado no 2016, ano en que se lle dedicou o *Día das Letras Galegas* a Manuel María.

En calquera caso, manteñen a súa identidade, inspirada por ese Festiclown onde naceron: as vellas farsas de circo clásico e reinventándoas para lle trasladar ao público as máis grandes gargalladas baixo o prisma da calidade e o bo facer teatral.

O ESPECTÁCULO

Os Sete Magníficos máis Un presentan *Concerto Magnífico*, unha revisión clown e desafinada do serio mundo da música culta, un espectáculo en rigoroso *play-back*, no que a nosa parella protagonista se converte nun dúo de refinados músicos de cámara que, a través de diversas situacións disparatadas, lle darán a volta ao sempre formal e elevado universo da música clásica. Improvisación, risco, a sinceridade do pallaso, a humildade do comediante e, sobre todo, dignidade clown para saír das situacións máis complicadas.

www.culturactiva.org



BAOBAB TEATRO

O lobo e a lúa

A COMPAÑÍA

Premio: Mellor Espectáculo Infantil na XVIII Feira de Teatro de Castela e León con *Luppo*.

Baobab Teatro é unha compañía pontevedresa que aposta polo teatro infantil de calidade. Formada por Óscar Ferreira e Andrea Bayer, traballan cun compromiso claro coa infancia. Óscar Ferreira conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques e escenografías. Participou en espectáculos teatrais como *Que medo, que medo*, *Golulá* ou *Babiliglub*, ou en programas de televisión: *Luar*, *Nika*, *Cousiñas*, *Os Bolechas...* Andrea Bayer dirixiu e interpretou espectáculos como *Golulá* (Premio ao mellor espectáculo infantil na X Feria de Ciudad Rodrigo, Premio ao espectáculo máis innovador na XXIV Mostra de Teatro de Ribadavia, Espectáculo mellor valorado polo público infantil na IX edición da Programación de Domingos do Principal 2008), *Babiliglub* (Fetén 2008) ou *Rosalía, a pulga que escribía*. C'O lobo e a lúa acadou o XI Barriga Verde para textos teatrais para monicreques na categoría de infantil.

O ESPECTÁCULO

Había unha vez un pequeno lobo que vivía no Prado Azul e precisaba falar coa Lúa. Era moi importante o que lle tiña que dicir, mais como a lúa estaba moi lonxe non o escoitaba, así que o lobo tiña que ouvear. Cos seus berros non deixaba durmir a ninguén: nin a Nina a tartaruga, nin a Duarte o elefante, nin a Miñao o gato malvado. No seu intento de falar coa lúa coñece a Mariano, un rato falador e divertido que lle axudará, ou quizais non. No Prado Azul esta noite ninguén pode durmir! Nesta peza tenra, divertida e intriganteos seus personaxes conviven a pesar das súas diferenzas. Unha historia de amizade, superación dos propios medos e de amor, pensada para público familiar a partir de 3 anos.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Cora Sayers e Xosé Manuel Esperante

Dirección: Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Xéneros: comedia, títeres

Duración: 50 minutos


Público: Público Infantil

Tipo espectáculo: Comedia

⊕ info

📺 ver vídeo

www.culturactiva.org



BAOBAB TEATRO

Luppo

A COMPAÑÍA

Premio: Mellor Espectáculo Infantil na XVIII Feira de Teatro de Castela e León con *Luppo*.

Baobab Teatro é unha compañía pontevedresa que aposta polo teatro infantil de calidade. Formada por Óscar Ferreira e Andrea Bayer, traballan cun compromiso claro coa infancia. Óscar Ferreira conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques e escenografías. Participou en espectáculos teatrais como *Que medo, que medo*, *Golulá* ou *Babiliglub*, ou en programas de televisión: *Luar*, *Nika*, *Cousiñas*, *Os Bolechas...* Andrea Bayer dirixiu e interpretou espectáculos como *Golulá* (Premio ao mellor espectáculo infantil na X Feria de Ciudad Rodrigo, Premio ao espectáculo máis innovador na XXIV Mostra de Teatro de Ribadavia, Espectáculo mellor valorado polo público infantil na IX edición da Programación de Domingos do Principal 2008), *Babiliglub* (Fetén 2008) ou *Rosalía, a pulga que escribía*. C'O lobo e a lúa acadou o XI Barriga Verde para textos teatrais para monicreques na categoría de infantil.

O ESPECTÁCULO

Luppo gañou o premio ao Mellor Espectáculo Infantil na XVIII Feira de Teatro de Castela e León 2015, para a que foi seleccionado de entre máis de mil propostas. Trátase dun conto maravilloso que fala de sentimentos e emocións, do ciclo da vida, do apego coas persoas, da relación cos nosos veciños, da importancia das historias que construímos... O protagonista é un home maior que vive só e todos os días ás 12 prende o seu gramófono para escoitar a mesma canción de ópera. Ten un amigo, Tulún, un neno de 5 anos que todos os días a esa hora vai visitalo e levarlle pan, leite e o xornal. Luppo cóntalle historias fascinantes da súa vida e segredos que agocha no seu gramófono. Un día Tulún chega a casa de Luppo e este non está...

E tamén en cartel:



www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Natalia Outeiro, Akira Valero e Marta Iglesias

Dirección: Antón Coucheiro

Duración: 65 minutos

Técnica teatral: *clown*

Público: Infantil, a partir de 6 anos

⊕ info

📺 ver vídeo

SMART SMART

A COMPAÑÍA

SMART é unha compañía de nova creación dirixida por Antón Coucheiro, na que reúne a tres das mellores pallasas a nivel galego e estatal, Akira Valero, Natalia Outeiro “Pajarito” e Marta Iglesias. Akira Valero é *clown* e actriz, con pezas propias coma *Abuelo Cuplé* e participa en varios festivais de improvisación. Natalia Outeiro “Pajarito” é actriz, pallasa, directora de teatro e circo. Foi unha das fundadoras de Pista Catro e traballou con outras compañías galegas como Chévere, Panamesiana ou Voadora. E Marta Iglesias é pallasa, improvisadora e artista de circo. Comezou a súa carreira profesional no seo de Manicómicos (A Coruña) e máis tarde desenvolveu os seus propios espectáculos de *clown* e pezas como aerealista. Dirixíaseas Antón Coucheiro, “Cou”, que ten traballado con compañías galegas como Chévere, PistaCatro (da que é co-fundador), Matarile, Factoría, o CDG... En 2014 estreou o seu unipersoal de teatro, *Psicópata*, e no 2015 fai residencia en Bogotá estreando o seu solo de improvisación, *Múltiple*.

O ESPECTÁCULO

SMART, como un teléfono intelixente pode convertirse nunha idiota é unha comedia sen palabras arredor do mundo das aplicacións móbiles. Tres pallasas enganchadas ao seu *smartphone* acoden a unha clínica de rehabilitación para superar a súa adicción. Desorientadas e sen o seu móbil, terán que aprender de novo a comunicarse e a vivir sen estar aferradas ao celular. SMART é un universo poético e surrealista de iconografía dixital. A través da técnica do *videomapping*, crean unha escenografía e un atrezzo virtual, un espazo visual e sonoro de apps, pantallas táctiles e sons dixitais, no que se mergullarán as tres estrambóticas pallasas e con elas todo o público.

www.culturactiva.org 



PÍSCORE

Concerto singular

A COMPAÑÍA

Píscore chegan para levar a todas as prazas e teatros a mellor comedia musical e xestual. Unha compañía que naceu na primavera do 2016 e que homenaxea co seu nome á famosa “Esther Píscore”, trasunto da musa da danza, Terpsícore, nun coñecido gag de Les Luthiers. Teñen a premisa de facernos rir dende o virtuosismo musical, a elegancia e unha estética moi próxima á comedia xestual máis clásica.

Catro actores/músicos con ampla formación musical e experiencia escénica presentan a súa primeira proposta é Concerto Singular, un show que xira en torno a unha marimba e a dificultade de catro músicos para sacarlle partido. Equívocos, probas, solucións tolas... Até que por fin conseguen poñerse de acordo e sacar un son increíble logo de moitas risas.

O ESPECTÁCULO

Que acontece cando se convoca a catro grandes solistas para un único concerto? Catro prestixiosos músicos fronte a un grande conflito: 16 baquetas e unha soa marimba. Eles están dispostos a facela soar do xeito máis orixinal e abraiante. Organizarse xa non vai ser tan doado.

Píscore achéganos a mellor música e moito humor para un concerto singular nunha proposta que se encadra na liña dos grandes espectáculos que mesturan o virtuosismo musical e os ritmos coa comedia xestual, o clown e a participación do público.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pepe Cabanelas

Dirección: Fran Rei

Xéneros: musicomedia xestual

Duración: 55 minutos

Público: Público Familiar

Tipo espectáculo: *Clown*

 **info**  **ver vídeo**

www.culturactiva.org 



TRÍO REFUGALLO

Ritmo de Refugallo

A COMPAÑÍA

Culturactiva SCG presenta **Ritmo de Refugallo**, do Trío Refugallo, un espectáculo cómico – musical para todos os públicos. Estreado en agosto de 2016, dentro da programación do Festival Vilagarcía de Arousa, a animación toma as rúas e prazas da vila con esta nova compañía, unha proposta da man de membros de Odaiko e A Magnifique Bande dos Homes sen Medo que mestura humor, música sobre instrumentos feitos a partir de materiais de refugallo, participación e interacción co público. Un novo concepto de pasarrúas que espalla risa e ritmo.

Dirixida por **Fran Rei**, nesta produción **Félix Rodríguez, Olivier Cano** e **Óscar Prieto**, tres dos músicos con máis talento do país, demostrannos que o ritmo pode xurdir de calquera elemento que nos atopemos pola rúa. Tan so cómpre ter os ollos e as orellas ben abertas e un chisco de imaxinación.

O ESPECTÁCULO

En **Ritmo de Refugallo** a música nace a partir de diversos obxectos que os nosos tres protagonistas recuperan do lixo, como tubaxes, bidóns, colectores ou funiles, e, pouco a pouco, van descubrindo as súas posibilidades rítmicas. Catro instrumentos de refugallo: unha frauta, un *kit* de percusión, un saxofón e ata un trombón, aparecen neste espectáculo, que en mans destes tres talentosos músicos nos proporcionan unha hora de ritmo que nos sorprenderá e fará bailar e cantar.

Paralelamente, esta produción incide, dun xeito ameno e divertido, na importancia da redución e reciclaxe de lixo e amosa claramente as enormes posibilidades da reutilización.

FICHA ARTÍSTICA


Elenco: Félix Rodríguez, Olivier Cano e Óscar Prieto

Dirección: Fran Rei

Vestuario: Pilar Ortiz

Deseño e construción instrumentos: Jorge Guzman
e Trío Refugallo

Producción e distribución: Culturactiva SCG



www.culturactiva.org



FAMILIAR / CIRCO

www.culturactiva.org



ISLA LETRISKA

Letriska Inmóbile

A COMPAÑÍA

Isla LeTriska, malia a súa ampla traxectoria de dez anos nos escenarios, conserva íntegra a ansia artística, pura e rebelde, do principiante. Desde a ilusionante escena do Novo Circo galego. E en máis dunha década de carreira, Isla Letriska xamais se acomodou nunha mesma vertente artística. Flutúa, viaxa, explora. Dese xeito, é capaz de crear un espectáculo para o circuito de salas tan exitoso como é *Fermín Noite* para despois regresar ás orixes co seu espectáculo de rúa máis refinado e clásico. Isla mantén a estética e a liña humorística dos grandes pallasos arxentinos nunha conexión directa co público, na que as falcatuadas agroman a cada pouco. En definitiva, garda no seu interior un universo creativo versátil, cheo de sorpresas e de ideas sorprendentes.

O ESPECTÁCULO

Isla LeTriska presenta este delirante espectáculo que combina disciplinas de Novo Circo. Un personaxe eléctrico e bastante tolo sorprenderá a todos realizando proezas coma malabares incríbles, memorizar centos de nomes, darlles novos usos a obxectos cotiáns, pelexar co público ou converter a un neno nun grande artista de circo.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Isla Letriska

Técnica teatral: clown e malabares

Duración do espectáculo: 50 minutos

Público: para todos os públicos

⊕ info

🎬 ver vídeo

www.culturactiva.org



OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

Dous pallasos en máis apuros

A COMPAÑÍA

Esta compañía de *clown* naceu en 2001 ao abeiro do Festival Internacional de Clown de Galicia (**Festiclown**) e leva xa máis dun decenio sendo a súa compañía oficial. Ademais de seren, co formato *Os Ramistas*, a pincelada cómica do programa **Luar** da TVG, o dúo integrado por Fran Rei e Pedro Brandariz leva xa máis de dez espectáculos ás súas costas, coma *Dous Pallasos en Mais Apuros*, *Dous pallasos en apuros*, *O gordo e o calvo van ao médico* ou *Mañá será outro día*, ademais de espectáculos unipersoais de contacontos capitaneados por Fran Rei, coma *A Historia de Brancaflor* ou *O conto de Barriga Verde*, estreado no 2016, ano en que se lle dedicou o Día das Letras Galegas a Manuel María.

En calquera caso, manteñen a súa identidade, inspirada por ese Festiclown onde naceron: as vellas farsas de circo clásico e reinventándoas para lle trasladar ao público as máis grandes gargalladas baixo o prisma da calidade e o bo facer teatral.

O ESPECTÁCULO

Nesta ocasión, os nosos dous protagonistas transfórmanse en dous aloucados acróbatas dispostos a presentar o seu abraiante número de circo cheo de risco e emoción: *O Vaso da Morte*. Pero, como adoita pasar nos espectáculos dos **Sete Magníficos máis Un**, nada lles sae como desexan. Así, o que ía ser un exercicio acrobático propio dos mellores artistas circenses, convértese nunha sucesión de desastres, desencontros e accidentes, pasando do tradicional “Más Difícil Todavía” (“Aínda Máis Difícil”) ao cómico “Peor Imposible”.

FICHA ARTÍSTICA

Creación e Dirección: Walter Velázquez e Iván Prado

Elenco: Pedro Brandariz e Fran Rei

Técnica teatral: clown

Duración: 60 minutos

Público: Infantil e familiar

⊕ info

📺 ver vídeo

www.culturactiva.org



CIRCO CHOSCO

Forzu2

A COMPAÑÍA

Circo Chosco créase ao coñecerse Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona) na que se formaron durante tres anos. Alí aprenden diferentes técnicas de circo así como malabar, equilibrios, aéreos, *clown*, interpretación, creación... Despois toman diferentes camiños até que o actor, *clown*, docente e director Walter Velázquez, lles bota unha man na dirección do espectáculo *Chosco*!

Ariñe Azkue realizou varios cursos de técnicas aéreas, danza, acrobacia e clown na península, en Italia e mais en Arxentina. Actuou en diferentes festivais de teatro de rúa e diversas galas de circo; traballou con compañías como Oreka Zirko, Zirika Zirkus, Panpinpox... Foi profesora de Técnicas aéreas na Escola Navarra de circo Oreka.

Óscar Páez realiza diferentes cursos de clown, acroportes, danza, malabar en diferentes lugares da península e Arxentina. Formou parte de diferentes compañías de Circo como La Banda y Zirko Oreka, ademais de actuar en diferentes festivais de teatro de rúa e galas de Circo. Licenciado en Ciencias. da Actividade. Física e do Deporte, foi profesor de Acrobacia e malabar na Universidade Pública de Pamplona. Crearon o seu segundo espectáculo xuntos *Forzu2* e participan en compañías como Cair e Pistacatro.

O ESPECTÁCULO

O humor e o absurdo son os fíos que tecen a trama dun espectáculo de dous atletas, dous cómplices que se compenetran realizando trucos imposibles diante do público. Risco, desastre, sorpresa e surrealismo crúzanse coa impecable técnica en forma de portés, acrobacias aéreas, malabares imposibles e lume. Sempre en formato de clown, agochados baixo a aparencia de superacróbatas, de grandes magos ou de malabaristas matematicamente perfectos.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Ariñe Azkue e Óscar Páez

Duración: 50 minutos

Técnica teatral: Acroportés, malabares e clown. E acrobacias aéreas na versión con aéreos

Público: Para todas as idades

+ info

📺 ver vídeo

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Raquel Vezanzones, Girisho Gordon

Dirección: Raquel Vezanzones e Girisho Gordon

Xéneros: circo e clown

Duración: 45 minutos

Público: Público Familiar

Tipo espectáculo: Circo



DESASTRONAUTS

Máis alto aínda

A COMPAÑÍA

Raquel Vezanzones e Girisho Gordon formaron a compañía Circo Expresso no 2004 en Londres, e pasan a chamarse **Desastronauts** en 2011 tras a creación de *Losing Grip*. Co seu espectáculo *Too High* estiveron de tour co circo británico Happy's Circus, actuaron na Convención Nacional de Malabares en Crawley 2004, participaron no Festival de Glastombury e en varios cabarés de circo en Londres. Hai uns anos que se trasladaron a España onde debutaron co espectáculo de rúa *Calleret* en Santiago de Compostela e en distintas programacións de Galicia. A partir de aquí toman como base Compostela onde crean Un día de praia, co que xiran por innumerables teatros e rúas galegas en solitario e en programacións de Culturactiva como Pistactiva e Ruactiva. Ata que en 2010 conseguen unha bolsa da Unión Europea como un dos máis importantes talentos do continente e sae á luz un novo traballo que dá un novo xiro á súa carreira: *Losing Grip*, na que a acción ten lugar no aire en todo momento, arriscada, anovadora, orixinal e chea de calidade.

O ESPECTÁCULO

Unha muller forte, intelixente, atractiva e divertida topa cun home... Estúpido. El ha facer o que sexa para estar con ela, e ela fará todo o posible por escapar. Ela é dona de si mesma, el é infantil. Veremos como a súa loita frenética vaise intensificando a medida que atopan un trapecio de balanceo, cordas aéreas e un *hula-hoop* de lume.



RUDI DUDI

Rastafarudi

A COMPAÑÍA

Nacido en Genk (Bélxica), **Rudi Dudi** leva toda a vida no teatro, no novo circo e ns actuacións nas rúas. Formouse na Escola de Mimos de Antwerpen e nos anos oitenta traballou como actor, director e autor teatral en Bélxica. Nos noventa, accedeu ao circuíto de Teatro na Educación de Irlanda e tras case unha década dedicado á narración oral naquel país, centrouse na súa carreira de clown xirando por todo Europa até que decidiu instalarse en 2005 como artista total en Galicia.

Rudi ten alma de viaxeiro, de vagabundo, de nómade. Dende moi novo, acompaña unha das súas mellores pertenzas. A máis querida, a máis especial. Unha maleta máxica que herdou do seu avó. Aló garda toda a súa vida, un mundo enteiro, todo o que precisa para vivir e facer rir. Nesa maleta non falta nin o seu talento nin o seu humor e, desde logo, o que nunca falta é o nariz vermello de pallaso.

O ESPECTÁCULO

Desde música ao vivo até malabarismo, pasando por coreografías en tutú e un streap-tease a base de gargalladas. E nome-dio e medio, Rudi Dudi. O clown –belga, mais universal– crea un espectáculo xurdido da maxia e da forza que veñen do máis fondo, directamente do corazón. En *Rastafarudi*, preséntasenos un antigo ritual para que a xente se deite todas as noites coa esperanza intacta no mundo. Ao parecer, María Callas e Elvis, Bob Marley e Michael Jackson, tamén Madonna e Lady Gaga mantiveron vivo este ritual. Pero só Rudi Dudi atreveuse a llo ensinar ao mundo.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Rudi Vanminsel

Técnica teatral: *clown*

Duración: 45 minutos

Público: Infantil e familiar

 **info**

www.culturactiva.org 



CULTURACTIVA

Gala de Circo

A COMPAÑÍA

Culturactiva SCG non só é unha distribuidora, senón que tamén traballa como compañía e produtora. Tanto unindo diversas propostas artísticas en novos formatos e programacións, como creando novas producións e formatos, como achegando un completo programa de actividades ás rúas, prazas e teatros de todo o mundo.

Culturactiva ten como compañía diferentes formatos circenses como *A Gala de Circo*, a programación de rúa *Un Día de Festa*, o combinado de circo e aéreos *Pistactiva*, a *Animación Circense de Rúa* e outras propostas creadas para eventos concretos.

O ESPECTÁCULO

A interacción entre as tres compañías participantes, a participación do público, a variedade de técnicas artísticas, as espectaculares acrobacias aéreas, o encanto da música en directo, a presenza dun/ha presentador/a como nexo do espectáculo e toda a maxia e ilusión do circo son eixos e os maiores atractivos desta Gala de Circo na Rúa RÚ@CTIVA. Sen dúbida, un dos mellores espectáculos de rúa de Galicia.

FICHA ARTÍSTICA

Compoñentes: un/ha presentador/a, tres compañías e un grupo de música en directo

Técnica Teatral: novo circo, *clown*, malabares e acrobacias aéreas.

Duración: 100 minutos


Público: Todos os públicos

[info](#) [ver vídeo](#)

www.culturactiva.org



INFANTIL /**MAXIA**/ GALICIA



DANI GARCÍA

Código

A COMPAÑÍA

Premios: 1º Premio Michigan Magic Day, o 2º Premio Close Up Contest IBM Rising de St. Louise ou o 2º Premio TAO M Texas.

Desde que en 2004 **Dani García** fundara a súa propia compañía co obxectivo de producir e interpretar os seus propios espectáculos, o prestixio do seu nome non deixou de medrar. Na actualidade e tras unha década de traballo, Dani García compaxina as actuacións en Galicia con estancias, funcións e formacións nos Estados Unidos. Dani García recolleu así os froitos da súa formación nas diversas ramas da interpretación e da escena. Esa bagaxe permítelle crear producións propias que son auténticas obras de teatro máxicas, onde todo ten un porqué e unha lóxica que fai do ilusionismo algo intanxible, pero próximo para o público.

O ESPECTÁCULO

CÓDIGO: dise da combinación de letras, números ou caracteres que nos permiten formular e descifrar mensaxes que doutro xeito permanecerían ocultas. O código lingüístico posibilitanos a comunicación coas demais persoas. Pero... Que pasaría se perderamos ese código? Ou se nos atopamos con persoas que usan outro diferente? Sería posible comunicarnos dalgún xeito?

Acabado de chegar dalgún lugar afastado, doutro tempo ou doutro modo de facer. Perdido no presente, no eiquí, no agora. Así está o noso viaxeiro, o noso coleccionista de linguas. Sempre na busca de novos amigos cos que engadir un código máis na súa maleta de camiñante. E o que empezou sendo unha petición de axuda, un intento por comprender un código máis, convértese nunha reflexión sobre a comunicación humana.

Código é un espectáculo de rúa, pensado para que persoas de calquera idade poidan participar e gozar. Unha hora de maxia inventiva e persoal na que seguro os aplausos estarán acompañados das risas e as bocas abertas.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Dani García

Dirección: Natalia Outeiro “Pajarito”

Técnica teatral: maxia

Duración do espectáculo: 60 minutos

Público: Infantil e familiar



E tamén en cartel:



www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Laura Muñoz

Técnica teatral: maxia cómica

Duración do espectáculo: 50 minutos

Público: Infantil

⊕ info

🎬 ver vídeo

MUNDOMANDARINA

Mi abuelo es mago

A COMPAÑÍA

Premios: Premio do Público da Mostra de Pallasos de Xirivella, Premio do Público e mais o do Mellor Espectáculo de Sala do Festival Farándula de Gran Canaria, Premio do Público do FAST de Torredembarra e Premio do Público no Festiclown en dúas ocasións, Vigo no 2009 e Vilagarcía no 2015.

Mundomandarina é gargallada, risa, humor. Tamén arte, creación e risco. Mandarinina é Laura Muñoz, que naceu en 1975 en Bos Aires (Arxentina). En 1999, tras licenciarse no Conservatorio de Arte Dramática de Bos Aires, tropeza co *clown*. Ou o *clown* tropeza con ela. Sexa como for, o encontro prodúcese e Muñoz descobre, a un tempo, o seu gozo e o seu talento á hora de facer rir coa súa mirada sobre o mundo. Con ese espírito, instalouse no ano 2002 en Barcelona e comezou a rodar como pallasa nas tarimas catalás. No 2005 fundou Mundomandarina.

O ESPECTÁCULO

Neste novo espectáculo, a pallasa Mandarinina recibe clases do seu avó, o grande ilusionista e prestidixitador Antón Chipirón. Na sala de ensaios está todo preparado, só falta que chegue el. Mentres agarda, a curiosa Mandarinina aproveita para atusmar nos obxectos máxicos do avó e facerlles maxia aos pequenos voluntarios do público. Ademais de aprender a facer maxia, Mandarinina terá que aprender que o avó non vai vir máis. Neste espectáculo, a través da maxia e a comicidade, abórdase o tema de afrontar a morte dos seres queridos, non de xeito traumático, senón como unha transformación. Achega ao público miúdo a idea de que non os perdermos de todo, senón que seguen presentes a través das lembranzas e a herdanza emocional que nos deixan.

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Laura Muñoz

Técnica teatral: maxia cómica e títeres

Duración do espectáculo: 50 minutos

Público: Infantil

[+ info](#) / [📺 ver vídeo](#)

MUNDOMANDARINA

A COMPAÑÍA

Premios: Premio do Público da Mostra de Pallasos de Xirivella, Premio do Público e Mellor Espectáculo de Sala do Festival Farándula de Gran Canaria, Premio do Público do FAST de Torredembarra e Premio do Público no Festiclown en dúas ocasións, Vigo (2009) e Vilagarcía (2015).

Mundomandarina é gargallada, risa, humor. Tamén arte, creación e risco. Mandarinina é Laura Muñoz, que naceu en 1975 en Bos Aires (Arxentina). En 1999, tras licenciarse no Conservatorio de Arte Dramática de Bos Aires, tropeza co *clown*. Ou o *clown* tropeza con ela. Sexa como for, o encontro prodúcese e Muñoz descobre, a un tempo, o seu gozo e o seu talento á hora de facer rir coa súa mirada sobre o mundo. Con ese espírito, instalouse no ano 2002 en Barcelona e comezou a rodar como pallasa nas tarimas catalás.

OS ESPECTÁCULOS

👉 Laboratorio Máxico

Mandarina preséntanos o paxaro Rigoberto, amigo inseparable da protagonista e secundario de luxo, un deses roubaplanos que nos entenrece malia ser un chisco atravesado. Improvisación, humor e maxia son as claves deste espectáculo no que coñecemos a vertente máis fantástica de Mandarinina, unha personaxe moi potente, capaz de mesturar a ironía do mago co despiste para trasladar o público a lugares que serían inalcanzables sen o poder da fantasía. Con este espectáculo, obtivo o Premio do Público no Festiclown 2015, en Vilagarcía.

Un Ramón de Mandarinas 👉

Laura Mandarinina acadou con este espectáculo gran parte do seu recoñecemento artístico: o Premio do Público de Festiclown en Vigo, o da Mostra de Pallasos de Xirivella ou o Farándula de Gran Canaria. Poderíamos definilo como a historia de amor máis grande xamais contada. Trátase da historia de como se coñeceron os pais de Mandarinina, unha mirada ao ridícula que pode chegar a ser unha persoa namorada. Mandarinina enfúndase no traxe e na pel de dúas personaxes diferentes e preséntanos unha comedia universal na que a tenrura, o humor e o absurdo combínanse para nos emocionar.

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Laura Muñoz

Técnica teatral: *clown* e maxia cómica

Duración do espectáculo: 65 minutos

Público: Todos os públicos

[+ info](#) / [📺 ver vídeo](#)



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Dani García

Dirección: Fran Rei

Técnica teatral: maxia

Duración do espectáculo: 60 minutos

Público: Infantil e familiar

⊕ info

🎥 ver vídeo

DANI GARCÍA

Volta á maxia

A COMPAÑÍA


Premios: 1º Premio Michigan Magic Day, o 2º Premio Close Up Contest IBM Rising de St. Louise ou o 2º Premio TAO M Texas.

Desde que en 2004 **Dani García** fundara a súa propia compañía co obxectivo de producir e interpretar os seus propios espectáculos, o prestixio do seu nome non deixou de medrar. Na actualidade e tras unha década de traballo, Dani García compaxina as actuacións en Galicia con estancias, funcións e formacións nos Estados Unidos. Dani García recolleu así os froitos da súa formación nas diversas ramas da interpretación e da escena. Esa bagaxe permítelle crear producións propias que son auténticas obras de teatro máxicas, onde todo ten un porqué e unha lóxica que fai do ilusionismo algo intanxible, pero próximo para o público..

O ESPECTÁCULO

Benvidos ao primeiro *show* de maxia onde o público é quen decide o guión do espectáculo. Nada está escrito nesta montaxe que se camufla baixo a parodia dun concurso televisivo onde lle daremos unha volta á maxia, unha volta á nosa ruleta. Así, o azar porá en xogo a sorte do mago. Non haberá preguntas por resolver. Nin segundos que gañar. Os espectadores teñen o control do que sucede sobre o escenario. O mago acompañaos nestas reviravoltas que van conducindo a maxia a un sorprendente efecto final, unha última sorpresa que, a medio camiño entre a realidade e a ilusión, non deixará indiferente a ninguén. Esta é unha obra de maxia infantil, só apta para nenos e nenas, aínda que xa peiteen canas.

www.culturactiva.org 



MAGO TETO

A feira máxica

A COMPAÑÍA

O seu debut tivo lugar o Día das Letras Galegas de 1992. Nese 17 de maio subía ao escenario do seu instituto de Viana do Bolo para sorprender os seus compañeiros. Catro anos despois, chegaría o despegue profesional co espectáculo *A maxia dos soños*. Desde a estrea do seu primeiro espectáculo en 1996 con tan só 19 anos, o **Mago Teto** converteuse nun dos ilusionistas máis veteranos e relevantes en Galicia. Habitual na televisión desde os seus comezos, goza dun gran recoñecemento por parte do público. Os seus espectáculos adáptanse a calquera tipo de espazo, da rúa ás salas, pasando por grandes teatros. No seu repertorio combínanse así espectáculos reducidos con outros de gran formato, outorgándolles aos seus trucos un amplo abano de posibilidades. *Tolemaxias*, *Perto de ti* ou *O Afiador* son algúns dos seus espectáculos.

O ESPECTÁCULO

Unha carpa recrea un posto de feira de mediados do século XX, coas súas lámpadas de luces e bandeirolas de cores. Un espectáculo de rúa de maxia personalizada e íntima, xa que os propios espectadores elixen que xogo queren ver entre máis de 200 efectos de maxia. É un espectáculo de proximidade, de distancia curta, xa que as mans do mago sitúanse a menos dun metro do público. Ademais, é un espectáculo no que a maxia se fusiona coa sétima arte. Cada xogo de maxia, está relacionado cunha película da historia do cine. O espectador ten a potestade de elixir unha película e será o mago quen teña que deseñar de súpeto un truco relacionado co seu argumento. Todo un reto persoal para o mago Teto.

E tamén en cartel:



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Mago Teto e Jorge Prieto

Dirección e creación: Héctor Guerra

Técnica teatral: maxia

Duración do espectáculo: Pases continuados de dez minutos durante todo o día

Público: A partir de 5 anos

 **info**  **ver vídeo**

www.culturactiva.org 



INFANTIL / MONICREQUES E CONTACONTOS



FRAN REI

O conto de Barriga Verde

A COMPAÑÍA

Os Sete Magníficos Máis Un naceron en 2001 ao abeiro do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) e son a súa compañía oficial. Integrada por un elenco de pallasas e pallasos formados cos mellores mestres/as a nivel internacional, esta é unha das compañías máis populares nas programacións galegas dos últimos anos. Con espectáculos coma *Dous pallasos en apuros* ou *O gordo e o calvo van ao médico* e, máis recentemente, *Mañá será outro día* ou *Bivalvos como galegos!*, os Magníficos recuperan as vellas farsas de circo clásico e reinvéntanas trasladando ao respectable ás máis grandes gargalladas sempre baixo o prisma da calidade, do espírito *clown* e do bo facer teatral. Recoñecida e aplaudida tanto pola crítica como polo público, Os Sete Magníficos Máis Un converteuse na compañía pioneira en Galicia na renovación do novo circo e *clown*.

O ESPECTÁCULO

Fran Rei presenta un novo espectáculo unipersoal que mestura narración oral, humor e maxia: *O Conto de Barriga Verde*. Escrito por Avelino González, a partir de tres obras de Manuel María (*Barriga Verde*, *Os Soños na Gaiola* e *Aventuras e Desventuras dunha Espiña de toxo chamada Berenguela*), *O Conto de Barriga Verde* pretende ser un achegamento á poesía, prosa e teatro do autor lucense a quen se lle dedica o Día das Letras 2016.

Nesta sinxela historia, Fiz, un mozo labrego galego, terá que enfrontarse ao Serrador e ao Demo polo namoramento da sempre belida Moza. Coa axuda da maxia do seu padriño Barriga Verde, vello e neno ao mesmo tempo demostrarán que nada é máis forte que o amor verdadeiro.

Manuel María, “(...) Aquí sigo: ledor, ufano, satisfeito de estar vivo. Mentras o tempo me gasta: paseo, leo e escribo...!” (*Os Soños na Gaiola*, 1968).

FICHA ARTÍSTICA

Dirección: Tareixa Campos

Autor: Manuel María

Adaptación: Avelino González e Fran Rei

Elenco: Fran Rei

Escenografía: Marga Portomeñe e Fran Rei

Xénero: contacontos e maxia

Clasificación: Público infantil e familiar

Duración: 55 minutos

Produción: Culturactiva SCG



www.culturactiva.org



FRAN REI

A galiña azul

A COMPAÑÍA

Despois de máis de 100 representacións coas súas dúas anteriores pezas (*A Historia de Brancaflor* e *O Conto de Barriga Verde*), o cómico **Fran Rei** presenta neste 2017 *A Galiña Azul*, un espectáculo creado a partir da popular obra infantil de Carlos Casares (Letras Galegas 2017), publicada en 1968, despois de gañar o 1º premio do Concurso nacional de Contos Infantís “O Facho”.

O ESPECTÁCULO

Na súa liña habitual, Fran Rei mestura narración, humor, maxia e monicreques para achegarlle ao público infantil e familiar o universo que Carlos Casares creara para que a pequena Ana “non esquecese nunca que é galega”. Ana era unha rapaza de sete anos que, como tantas outras daquela, marchara cos seus pais fóra de Galicia.

Ademais de compartir espazo con referencias doutras obras e da biografía do autor ourensán, neste espectáculo entrelázanse as cinco historias que compoñen *A Galiña Azul: O peixe da fonte do xardín, A bomba da felicidade, A galiña azul, A formiga esquiadora* e *O final da historia da galiña azul*. Cinco contos fantásticos nos que comparten protagonismo animais e homes con características peculiares e carácter entrañable.

De novo, Fran Rei ponse baixo a dirección da luguesa Tareixa Campos, e conta coa colaboración de Marga Portomeñe, que deseñou e elaborou para o espectáculo uns monicreques a partir das maravillosas ilustracións orixinais do libro, de Trichi, Ilda, Mima e Alberto García Alonso, fillos de Xohán Ledo (Ricardo García Suárez), o deseñador e portadista de Galaxia durante máis de trinta anos.

FICHA ARTÍSTICA

Dirección: Tareixa Campos

Autor: Carlos Casares

Adaptación: Fran Rei e Tareixa Campos

Elenco: Fran Rei

Monicreques: Marga Portomeñe

Xénero: Contacontos e maxia

Clasificación: público infantil e familiar

Duración: 55 minutos

Produción: Culturactiva SCG



www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Conta: Vero Rilo

Toca: Carlos Quintá

Cantan: Ambos os dous

Creación: Adaptación de contos populares e coñecidos

Técnica Teatral: música e narración oral

Duración: 35 minutos

Público: 3 a 6 anos

[!\[\]\(d3781ba27fd308372d33bf9a3c1f2ace_img.jpg\) info](#) / [!\[\]\(bb87891fe090db25230bd6832f752e94_img.jpg\) ver vídeo](#)

DABOAPIPA

COMPAÑÍA

Daboapipa é unha compañía, que, malia a súa recente creación (2013), é das máis activas nos escenarios galegos: Vero Rilo e Carlos Quintá narran, cantan e musican relatos e contos. Vero Rilo conta con ampla formación e fonda experiencia como educadora infantil en Galicia e Portugal, dentro da Rede de Escolas Galiña Azul, e de aí procede a súa profesión de contadora. Tras moitas horas de contadas, argalladas e historias para “pequenas audiencias” decídese a se profesionalizar e contar e cantar para o público creando **Daboapipa**. Pola súa banda, Carlos Quintá é un dos acordeonistas diatónicos máis relevantes de Galicia. Membro fundador de Linho do Cuco, profesor de acordeón diatónico na ETRAD de Vigo, participa en numerosos proxectos musicais.

OS ESPECTÁCULOS

Contos do animalario

“Unha viaxe polos montes, prados e camiños máis verdes que puidéramos ver, chea de encontros cos animais máis maravillosos: toupas choscas, chibos enormes e ogros torpes, pombas doces e dragóns atroces, bechos estraños, cabalos azuis e cantigas de hai anos e non tantos...” **Daboapipa** crean un novo espectáculo dirixido a nenas/os de 2 a 6 anos e familias. Durante 40 minutos, música en directo e palabra únense para crear un universo máxico a través desta parella artística galega.

Contos e lérias

Daboapipa narra unha recollida de historias que non nos deixan esquecer aos máis maiores, eses avós e avoas sempre presentes, coa palabra preparada para saír en calquera momento pola boca, con contos para pacientes, para impacientes, para o demo, para tremer de medo, para o mal tempo boa cara e para amarse e durmir quentiños.

Unha proposta para nenos e nenas de 6 a 10 anos e as súas familias creada, composta, cantada e contada por Vero Rilo e Carlos Quintá. 45 minutos de contos cos que todos medramos e aprendemos a pasar pola vida.

[!\[\]\(d1558503c4af8d50d5e77a7a2317937c_img.jpg\) www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org)



FICHA ARTÍSTICA

Conta: Vero Rilo

Toca: Carlos Quintá

Creación: Adaptación de contos populares e coñecidos

Técnica Teatral: música e narración oral

Duración: 45 minutos

Público: 6 a 10 anos

[!\[\]\(7c416a46096cbee6d03cd1053b9b17a4_img.jpg\) info](#) / [!\[\]\(b379ec498c37689c425f8c39c5f102a8_img.jpg\) ver vídeo](#)



ADULTO /TEATRO E COMEDIA/ GALICIA



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Fran Rei, Isabel Risco e Pedro Brandariz

Director: Diego Rey

Xéneros: comedia, clown e Improvisación

Duración: 75 minutos

Público: Adultos

 **info**  **ver vídeo**

CULTURACTIVA

Falar sen cancelas

A COMPAÑÍA

Culturactiva SCG non só é unha distribuidora, senón que tamén traballa como compañía e produtora. Tanto unindo diversas propostas artísticas en novos formatos e programacións, como creando novas producións e formatos, como achegando un completo programa de actividades ás rúas, prazas e teatros de todo o mundo.

O ESPECTÁCULO

Hai xente que fala por falar. Outros falan polos cóbados. Algúns falan os sete falares. E non son poucos os que falan do xato e se esquecen do trato. Porque prefiren falar dos biosbardos, das nubes ou do sexo dos anxos antes que ir ao conto. Laretar, latri-car, esbardallar-mesturando o allo co bugallo e sen querer quitarlle lobos ao asunto- é unha arte que, se se manexa ben, dá xenio escoitar. En definitiva, que o falar non ten cancelas, sobre todo nun lugar en que cada palabra conta, ás veces por dúas, no que o duplo significado abrolla en cada xiro da lingua e a retranca fai rimar humor con historia cada vez que alguén abre a boca. Somos un pobo de contos, de lendas, de relatos. Sabemos falar. E cando falamos, falamos ben. Porque temos, igual que acontece coa choiva, mil e unha maneiras de describir as nosas formas de conversar. Culturactiva SCG produce deste xeito un espectáculo con tres cómicos excepcionais, coñecidos polo público e respectados pola profesión, como son Pedro Brandariz, Fran Rei e Isabel Risco, que levan 15 anos xuntos sobre os escenarios, e intercalarán unha serie de monólogos propios, gags, recursos e xogos de improvisación que farán de cada representación unha aventura diferente e única. Unha gran gala de humor e comedia, coa palabra como gran protagonista, mais tamén a maxia, o clown e a improvisación, que se estreou con grande Ficha artística éxito no FIOT de Carballo 2015.

www.culturactiva.org 



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Celso Fernández Sanmartín, Isi

Dirección: Xosé Lueiro

Xéneros: comedia, narración oral

Duración: 75 minutos

Público: Público Familiar

Tipo espectáculo: Teatro



ACONTRABUTACA

Dous son parella

A COMPAÑÍA

Acontrabutaca Producións chegou no ano 2007 coa idea de normalizar e complementar a oferta teatral existente en Galicia, dirixindo as súas propostas ao gran público, ao habitualmente coñecido –e ás veces descoidado– público familiar. A produtora móvese en dous campos de creación diferentes: o de teatro infantil de actor e o de teatro universal contemporáneo, programando ademais distintas actuacións no campo educativo e asistencial. Á fronte de **Acontrabutaca** está Xosé Lueiro, quen impulsa este proxecto co obxectivo de servir tamén de plataforma para a difusión de novos actores e directores debutantes. E sempre cunha meta clara: devolverlle ao teatro a capacidade para activar a discusión e a diversión públicas fuxindo da pura e simple comercialidade.

O ESPECTÁCULO

É este un conxunto de monólogos e sketches sobre as relacións de parella, unha sorte de terapia en grupo onde o fin último é rirse dun/ha mesmo/a. Celso Fernández Sanmartín, Premio ao Mellor Actor no Festival de Teatro Galego do Carballiño 2015, é contacontos e poeta. Leva anos recollendo a nosa tradición oral de boas fontes e engadíndolle o seu particular humor e a súa arte para narrar. Pola súa banda, José Manuel Puente “Isi” é un habitual colaborador en distintos programas da TVG. Gañador do programa da TVG “O rei da comedia”, vén colaborando con grande éxito desde hai máis de dez anos en distintos programas da TVG coma *Air Galicia*, *Supermartes*, *A Solaina*, *Land Rober* ou *Luar*. Actualmente, alterna o seu papel de cómico e contador de historias con colaboracións periódicas en programas coma *A Solaina* ou *Luar*.



OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

Bivalvos como galegos

A COMPAÑÍA

Os Sete Magníficos Un naceron en 2001 ao abeiro do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) e son a súa compañía oficial. Integrada por un elenco de pallasas e pallasos formados cos mellores mestres/as a nivel internacional, esta é unha das compañías máis populares nas programacións galegas dos últimos anos. Con espectáculos coma *Dous pallasos en apuros* ou *O gordo e o calvo van ao médico* e, máis recentemente, *Mañá será outro día* ou *Bivalvos como galegos!*, os Magníficos recuperan as vellas farsas de circo clásico e reinvéntanas trasladando ao respectable ás máis grandes gargalladas sempre baixo o prisma da calidade, do espírito *clown* e do bo facer teatral. Recoñecida e aplaudida tanto pola crítica como polo público, **Os Sete Magníficos máis Un** converteuse na compañía pioneira en Galicia na renovación do novo circo.

O ESPECTÁCULO

Pedro Brandariz e Fran Rei, coñecidos ultimamente pola súa participación no programa *Luar* da TVG cos seus aloucados personaxes de **O Gordo e o Calvo** e **Os Ramistas**, presentan un novo espectáculo cómico na liña do seu traballo en televisión. *Bivalvos como Galegos* é **O Gordo e o Calvo** en esencia pura. O humor retranqueiro e irónico de Pedro Brandariz e Fran Rei sen colorantes nin conservantes.

Estamos afeitos/as a todo tipo de campañas publicitarias da Administración e de coñecidas empresas para a promoción de Galicia, enalzando os seus atractivos culturais, paisaxísticos e gastronómicos, pero **Os Sete Magníficos máis Un** queremos amosar un outro valor fundamental: o sentido do humor dos galegos e galegas e a súa posta en práctica nas situacións cotiás: trámites burocráticos, saír mercar a prensa un domingo pola mañá ou unha cea romántica nun restaurante demasiado moderno.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Fran Rei, Pedro Brandariz

Dirección: Iván Prado

Xéneros: comedia e clown

Duración: 90 minutos

Público: Adulto

Tipo espectáculo: Teatro



www.culturactiva.org



CULTURACTIVA

Retrincos de Castelao

A COMPAÑÍA

Culturactiva SCG non só é unha distribuidora, senón que tamén traballa como compañía e produtora. Tanto unindo diversas propostas artísticas en novos formatos e programacións, como creando novas producións e formatos, como achegando un completo programa de actividades ás rúas, prazas e teatros de todo o mundo.

Culturactiva ten como compañía diferentes formatos circenses como *A Gala de Circo*, a programación de rúa *Un Día de Festa*, o combinado de circo e aéreos *Pistactiva*, a *Animación Circense de Rúa* e outras propostas creadas para eventos concretos.

O ESPECTÁCULO

Culturactiva presenta aos cómicos Isabel Risco e Fran Rei en *Retrincos de Castelao*, un achegamento ao humor na obra do inmortal autor de Rianxo, figura fundamental da nosa historia. A través dos seus textos, e coa dirección de Diego Rey, fan un divertido percorrido polo traballo deste intelectual, achegándonos a súa enxeñosa e fascinante forma de ver a Galiza do seu tempo.

Ofrécennos o mosaico dunha realidade galega atemporal, que nos antecede e nos outorga raíces. A través dun ollo de vidro que dá nova forma á realidade, poderemos ser quen de presenciar a vida dos homes e mulleres que habitaron esta terra. Grazas a ese ollo seremos quen de comprender realmente a nosa historia e o noso presente.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Isabel Risco, Fran Rei

Dirección: Diego Rey

Xéneros: comedia

Duración: 55 minutos

Público: Público Infantil

Tipo espectáculo: *Clown*

 **info**

www.culturactiva.org 



ADULTO/ **CONTA**CONTOS E MONÓLOGOS



FICHA ARTÍSTICA

Música: Carlos Quintá

Conta e Canta: Vero Rilo

Técnica Teatral: Narración oral e música en directo

Duración: 45 minutos

Público: Adulto

 info

DABOAPIPA

Historias de vida, amor, guerra e case morte

A COMPAÑÍA

Daboapipa é unha compañía, que, malia a súa recente creación (2013), é das máis activas nos escenarios galegos: Vero Rilo e Carlos Quintá narran, cantan e musican relatos e contos. Vero Rilo conta con ampla formación e fonda experiencia como educadora infantil en Galicia e Portugal, dentro da Rede de Escolas Galiña Azul, e de aí procede a súa profesión de contadora. Tras moitas horas de contadas, argalladas e historias para “pequenas audiencias” decídese a se profesionalizar e contar e cantar para o público creando **Daboapipa**. Pola súa banda, Carlos Quintá é un dos acordeonistas diatónicos máis relevantes de Galicia. Membro fundador de Linho do Cuco, profesor de acordeón diatónico na ETRAD de Vigo, participa en numerosos proxectos musicais.

O ESPECTÁCULO

Historias de vida, amor, guerra e case morte é unha fermosa proposta a medio camiño entre a narración oral e o teatro con música ao vivo. Ao longo de varias historias recollidas de experiencias reais, **Daboapipa** cóntanos historias dos nosos maiores que reflicten dun xeito agarimoso e divertido a realidade na que vivían. Historias de amor, de emigración, de reclusión, guerra e amor contadas dende a tenrura e a emoción nunha proposta que arrinca bágoas, lembranzas e sorrisos. No fondo, Daboapipa percorre a nosa historia e o noso imaxinario colectivo para facernos un retrato de como somos, de que xeitos sentimos, das mil maneiras en que vivimos. Constrúen as historias coa palabra e a música para chegarnos ao máis fondo e reivindicar a memoria de todos, para que non se esqueza e siga transmitíndose en cada unha das súas funcións.

www.culturactiva.org 



DABOAPIPA

Lavandeiras

A COMPAÑÍA

Daboapipa é unha compañía, que, malia a súa recente creación (2013), é das máis activas nos escenarios galegos: Vero Rilo e Carlos Quintá narran, cantan e musican relatos e contos. Vero Rilo conta con ampla formación e fonda experiencia como educadora infantil en Galicia e Portugal, dentro da Rede de Escolas Galiña Azul, e de aí procede a súa profesión de contadora. Tras moitas horas de contadas, argalladas e historias para “pequenas audiencias” decídese a se profesionalizar e contar e cantar para o público creando **Daboapipa**. Pola súa banda, Carlos Quintá é un dos acordeonistas diatónicos máis relevantes de Galicia. Membro fundador de Linho do Cuco, profesor de acordeón diatónico na ETRAD de Vigo, participa en numerosos proxectos musicais.

O ESPECTÁCULO

O oficio das lavandeiras forma parte do noso imaxinario colectivo. As mulleres á beira do río, de xeonllos, fregando a roupa tecen unha estampa que se repetiu ao longo da nosa historia. Ao seu redor, as lendas e os contos arredor deste grupo de mulleres sucédense ao longo da nosa xeografía, tanto física como identitaria. Daboapipa recolle ese patrimonio oral, músicao, dálle forma e agasállallo ao público, descubríndolle os outros relatos que arrodean os lavadoiros. Dende as máximas e fantasmagóricas lavandeiras enchoupadas en sangue que xurdían da noite traendo malos presaxios até as cancións populares que compoñían de forma colectiva todas estas mulleres. A voz de Vero Rilo e a música de Carlos Quintá enfían estas pezas da nosa historia nun espectáculo único, de diversión e coñecemento, propio para un público adulto con curiosidade polo noso devir como pobo.

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Vero Rilo e Carlos Quintá

Técnica teatral: Narración oral

Público: Adulto

 **info**

www.culturactiva.org 



ISABEL RISCO

Nabiza Girl

A COMPAÑÍA

Premio FETEGA Carballiño Mellor Actriz 2015.

Actriz, clown e pedagoga teatral, formouse con mestres coma Eric de Bont, Jango Edwards, John Wright, Leo Bassi, Serge Nail, Kirko Koski, Alfredo Rodríguez, Tom Greder, Claudia Contín, Ángel Burgos, Sophie Gazel, Carlo Colombaioni, Pablo Muñoz, Johns Pappila, Manuel Lourenzo, Carlo Bosso, etc. Desde o ano 2000 participa en espectáculos profesionais nas compañías Espello Cóncavo, Os Sete Magníficos máis Un, Manicómicos e Produccións Desaquelou-tradas. No ámbito do audiovisual, traballa como actriz secundaria e protagonista en series como *Padre Casares*, *A vida por diante*, *O Nordés* ou *Air Galicia*, e outros programas da TVG como *O Show dos Tonechos*, *En Pé de Festa*, *Zapping Comando*, *Máxima Audiencia*, *Land Rober* ou *Tourilandia*; ademais de realizar curtas, publicidade e algunha longametraxe, como *Os mortos van ás présas*, *Onde está a felicidade?* ou *9 Ondas*.

O ESPECTÁCULO

Se credes que precisades dos meus servizos non tedes máis que aturuxar, que desde O Pindo escoito que flipas porque ten unha acústica bárbara. Sabedes quen son, non? Ben, normal, nin puta idea, normal. Ademais indo de incógnito menos, claro! Vouvos dar unha pista. Como mínimo, agora que xa vedes a estrela encarnada xa o teredes mais claro non? Non, non son concelleira do Bloque. Igual é que como traballo en negro e hai que ser discreta pois non me recoñecedes. Eu son Chelo García Naveira, máis coñecida como *Nabiza Girl*, unha superheroína rural galega con denominación de orixe protexida e os meus poderes proveñen do sulfato!

FICHA ARTÍSTICA

Dirección, creación e elenco: Isabel Risco

Técnica teatral: monólogo

Duración: 45 minutos

Público: Adulto

[+ info](#) [ver vídeo](#)

www.culturactiva.org



SERGIO PAZOS

Se non o conto rebento

A COMPAÑÍA

Actor polifacético, é unha das caras máis coñecidas da pequena pantalla grazas ao seu traballo de audaz reporteiro do *Caiga quien caiga*. Mais a súa traxectoria profesional, ampla e contrastada, comezara anos atrás, nos primeiros anos oitenta, co seu desempeño de todo tipo de roles en compañías teatrais como Caritel ou dentro de diversas producións do Centro Dramático Galego.

O ESPECTÁCULO

Pazos analiza esa realidade, tan próxima e tan arredada a un tempo, que conforma España. Destripa os seus tópicos, as súas verdades a medias e as súas mentiras piadosas coa retranca como único bisturí. E falará dende a ironía sobre os xeitos de sermos galegos, sobre a idiosincrasia de Rajoy, sobre a crise galopante... E é que se non conta todo iso... Rebenta!

FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Sergio Pazos

Técnica Teatral: monólogo, comedia

Duración: 75 minutos

Público: Adulto

 info

www.culturactiva.org 



LOIS PÉREZ

COMPAÑÍA

Lois Pérez é contrabandista de historias e narrador oral, humorista, cronista de rock and roll, poeta e dramaturgo. No seu contar conflúen a tradición oral, o humor, a gargallada, os sucedidos que escoitou, a narración, o rock, a alta literatura, as baixas paixóns (que ás veces son as máis altas!) e se ten o día, aínda a poesía.

OS ESPECTÁCULOS

Historias da fronteira

Historias da fronteira é unha proposta sen fronteiras que ten un pé no humor e outro na tradición oral, pero tamén na gargallada, na literatura e nas historias da Raia mollada (e da seca!). A fronteira é un lugar especialmente interesante para contar historias: a liña entre a vida e a morte, entre o humor e a traxedia, o fantástico e o real, a transgresión do legal, a vida propia e as vidas alleas...

Sacar a lingua a p(r)acer

As historias que conflúen nas contadas de *Sacar a lingua a p(r)acer* mesturan o humor, a tradición oral, a literatura galega e universal e os sucedidos, aqueles feitos que o contador de historias Lois Pérez escoitou ou dixo que escoitou polo mundo adiante. Así, en áxil carreira constante polo seu cerebro, as historias van mudando dependendo do día, a hora e o estado de ánimo do animal escénico (máis animal ca escénico!).



CATÁLOGO /MÚSICA/ 2017



www.culturactiva.org





MÚSICA/ DE ESCENARIO



★ NOVO DISCO!

GUADI GALEGO

O mundo está parado

POP

ARTISTA/BANDA

Guadi Galego comeza a súa andaina musical moi nova, e acadou sona como a voz de Berrogüetto, Mellor Grupo Folk Europeo de 2000 e candidato aos Grammy Latinos 2002, co que gravou *Viaxe por Urticaria* (1999), *Hepta* (2001), e *10.0* (2006), segundo Premio Opinión de mellor disco galego do ano. No ano 2005 grava *Espido*, con Guillermo Fernández, co que recunca no segundo Premio Opinión ao mellor disco galego do 2005, e un ano despois aínda o gaña de novo con *Nordestin@s* xunto con Abe Rábade e Ugia Pedreira. E xa no 2009 sae á luz *Benzón*, o seu primeiro proxecto en solitario, merecente do premio ao mellor disco do ano e candidato aos premios da Música. No 2012 sae *aCadaCanto*, unha vez máis con Guillermo Fernández, acompañada tamén por Xabier Díaz na voz e Xosé Lois Romero no acordeón.

No 2014 saíu *Lúas de outubro e agosto*, e no 2016, ano en que acada o Premio Martín Códax da Música á mellor artista na categoría de canción de autor, *O mundo está parado* (FOL Música, 2016). Dez temas redondos para deter o tempo, con letras que viaxan do persoal á reflexión colectiva sobre cuestións como a identidade e a coherencia: seis da súa autoría, tres de Carlos Abal e un de Pachi García, que exerce novamente como produtor musical. O seus directos teñen esa sonoridade envolvente con arreendo pop, un son que funambula entre a tradición e a vangarda e que acada a súa madurez neste último traballo. Unha presa de cancións sobre a necesidade de parar a sentir, a reflexionar, a respirar, nun mundo que, malia a aparente velocidade e exceso de información, está parado no máis humano.

FICHA ARTÍSTICA

Guadi Galego: voz e piano

Guillermo Fernández e Carlos Abal: guitarras

Paco Charlín: baixo

Isaac Palacín: guitarra

⊕ info ⊞ ver vídeo

www.culturactiva.org



SUMRRÁ

Sumrrá V Journeys

JAZZ

ARTISTA/BANDA

Con 16 anos de traxectoria e cinco discos editados, **Sumrrá** está considerado coma un dos novos referentes do jazz contemporáneo, levando ao límite a exploración e composición do formato piano-trío de jazz.

No 2016 **Sumrrá** lanzou o seu novo quinto disco, *Sumrrá V Journeys*, editado pola discográfica neiorquina Clermont Music. Un novo e esperado disco inspirado nalgunhas das cidades polas que **Sumrrá** ten pasado nas súas xiras internacionais (París, Braga, Johannesburgo, La Paz, Sofía...) Sen dúbida, **Sumrrá** é un dos grupos máis importantes do panorama jazzístico actual cunha das traxectorias máis sólidas da escena nacional.

Son “unha das propostas máis interesantes da escena jazzística, un proxecto abraiante...” segundo Santiago Tadeo, “unha das propostas máis estimulantes do jazz contemporáneo español” para Emilio L. Castellanos, e “un trío de profundas conviccións de son empastado pleno de forza e dramatismo ao que non lle faltan nin a dose xusta de técnica nin lirismo, nin swing. Poucos en España poden equipararse en calidade creativa”, para Enrique Farelo. Ou, como di Yahvé M. de la Cavada en Cuadernos de jazz, “O power-trío galego, tras década e media de actividade, deixa claro que aínda ten moito que dicir e, de feito, cada vez dino mellor. O seu directo é un dos máis sólidos que se poden escoitar no noso país, ofrecendo música intensa co xusto equilibrio entre forma e contido, ademais da súa marcada personalidade europea e as súas fascinantes harmonías, aptas para enganchar por igual ao neófito e ao jazzista recalcitrante”.

FICHA ARTÍSTICA

Manuel Gutiérrez: piano

Xacobe Martínez Antelo: contrabaixo

LAR Legido: batería

info ver vídeo

www.culturactiva.org



★ NOVO DISCO!

CAXADE

E isto é o amor

FOLK-POP

ARTISTA/BANDA

Premio Martín Códax 2016 na categoría de Folque

Caxade é o proxecto persoal de Alonso Caxade. Folk-pop cun arrecendo a música minimalista e a sons bucólico-pastoris da vella Europa. Música elegante, modesta e sinxela, surrealismo posmoderno e discurso reivindicativo, metafórico e irónico.

Caxade é unha banda musical, pero nacera no último trimestre do 2012 como proxecto audiovisual transgresor, coas videocreacións “Dança dos Moscas”, “Gente Pota” e “Sr. Xorda” (con Javier Antelo Seoane, Iria Pinheiro e Tânia Ameneiro). En novembro de 2013 editou no selo cooperativo “Discos da Máquina” o seu primeiro traballo discográfico *A Dança dos Moscas* coa banda formada por Manu Paino (trompeta e carilhom), Manu Espinho (bombardino), Xosé Tunhas (batería) e o propio Alonso Caxade (voz e acordeón).

Dous anos despois (decembro de 2015) saíu á venda o DVD CD *A Dança dos Moscas Ao Vivo* gravado coa Banda de Música da Bandeira. O seu último disco *E isto é o Amor* saíu á venda o 14 de maio de 2016.

FICHA ARTÍSTICA

Alonso Caxade: voz e acordeón

Manu Paino: trompeta e carilhom

Manu Espinho: bombardino

Xosé Tunhas: batería

⊕ info ⊞ ver vídeo

www.culturactiva.org

e isto é o amor



FICHA ARTÍSTICA

Pandeireteiras: Ana Rodríguez, Rosario Rodríguez, Montse Rivera, Felisa Segade, Patricia Segade, Mercedes Rodríguez

Arranxos: Xoán Porto

Escenografía: Quico Cadaval

info **ver vídeo**

LEILÍA

CONSentimento

FOLK

ARTISTA/BANDA

Leilía nace no ano 89. Son seis mulleres a recuperaren do esquecemento a tradición oral galega. Ao son de pandeiretas e voces, pronto agromaron os froitos, grazas á singularidade e beleza da música de raíz. A mediados dos 90 chegou *Leilía* (Dismedic) composto exclusivamente por pezas tradicionais. O disco tivo gran recoñecemento de crítica e público, e o seguinte reto foi achegar a música do pasado ao presente, por medio da incorporación de instrumentos e polifonías non tradicionais. Así naceu *I é verdade i é mentira* (Virgin Records) (1998) baixo a produción musical de Nando Casal e Antón Seoane, membros de Milladoiro. No ano 2003 chegou *Madama* (Discmedi) incorporando letras de temática actual.

Xa no 2005, coincidindo co 15º aniversario, publican *Son de Leilía* (Leilear), un percorrido pola historia do grupo. Ás portas do 2012 sae á luz *CONSentimento*, un traballo onde as melodías tradicionais recollidas por **Leilía** se engalanan coas letras creadas por destacadas escritoras para a ocasión e tamén polos arranxos musicais feitos por Xoán Porto. Un disco, que sen deixar de soar a **Leilía**, ten corpo e gusto propio.

Máis de vinte anos despois do seu debut, volven sorprendernos cun espectáculo impecable, maduro e fiel ás súas raíces. Unha coidadísima posta en escena e unha orixinal instrumentación sitúan a *CONSentimento* entre as propostas máis interesantes da música de raíz actual. Un disco no que apenas tres instrumentos: guitarra, acordeón e contrabaixo, abrigan á perfección a beleza do canto tradicional e os versos de varias das mellores poetas galegas da actualidade: Ana Romaní, Yolanda Castaño, Eva Moreda, Mariña Pérez, Eva Veiga, Ana Amado e Marilar Aleixandre. O deseño do espectáculo corre por conta doutro dos grandes profesionais da escena galega: Quico Cadaval.

Poderás cantar, rir, chorar e ata rematarás bailando (aínda que non sexa o teu) con *CONSentimento*.

www.culturactiva.org



★ NOVO DISCO!

TALABARTE

Fake

FOLK

ARTISTA/BANDA

Neste proxecto únense tres músicos indispensables dentro da escena musical galega, o violín de Quim Farinha, o acordeón diatónico de Pedro Pascual e o contrabaixo de Kin Garcí. Xuntos propoñen unha viaxe a través das músicas populares de Galicia e de outras latitudes. O repertorio complétase con composicións propias. Todo isto adobiado con distintos enfoques estéticos que van desde a linguaxe do jazz pasando polo tango ata a tradición musical europea. Estes músicos ofrécennos contemporaneidade e tradición xuntas nun concerto diferente, sen deixar de mover os pés nin deixar indiferentes os sentidos.

Cóntase que os Talabarte viaxaron durante 15 anos a bordo do Tradincerto, e descubriron unha serie de historias que esperaron o seu interese e fascinación. De moitas coñeceron varias versións: a oficial, a que soe estar escrita nos libros, ou a popular, que é a que pertence á memoria da xente; outras eran falsas e fixéranlles crer na súa veracidade; tamén as había das que formaban parte de lendas ou tradicións... Pero axiña se decataron de que todas elas tiñan algo en común: a incerteza de non saber se eran verdadeiras ou falsas. E así foi como comezaron a interesarse polo mundo dos “fakes”.

Ao longo de todo este tempo, foron recollendo este valioso material nas bibliotecas, museos e hemerotecas... Pero tamén nas tabernas e furanchos, onde descubriron a súa música. Primeiro aprenderon a tocala, mais co paso dos anos mesmo chegaron a falala con destreza a través dos seus instrumentos. Falaban mazurcas, schottish, milongas, polskas ou tarantellas cun sotaque tan próximo ao son orixinal que ata había quen pensaba que estes músicos tamén eran nativos de alí -ben sabemos que dalgún xeito levan escrito no seu ADN ritmos tan nosos e senlleiros como a muiñeira, a xota ou o pasodobre-.

FICHA ARTÍSTICA

Quim Farinha: Violín

Pedro Pascual: Acordeón diatónico

Kin Garcí: Contrabaixo

⊕ info ⊞ ver vídeo

www.culturactiva.org



★ NOVO DISCO!

O SONORO MAXÍN

Sete e dezasete

MÚSICA BAILE-VERBENA

ARTISTA/BANDA

O Sonoro Maxín naceu no verán de 2007, a partir do reencontro de vellos amigos e coñecidos da música galega que formaban parte de proxectos diferentes como Lamatumbá, Cinnamon, Gum, Mutenrohi e The Pigmaliions. Estreáronse en Ourense, a súa cidade natal, e a partir dese debut, percorreron durante os seguintes anos toda a xeografía galega con máis de 150 concertos. En moitos deles compartiron escenario con músicos como Manu Chao & Radio Bemba Sound System, Shantel & Bucovina Club Orkestra, Los Delinquentes ou Tonino Carotone.

A festa galópalles polas veas. En cada un dos seus concertos, estoupa a Galicia tropical. No 2011, O Sonoro Maxín publicou o seu primeiro disco e iniciou unha ampla xira titulada *A Onda Sonora (chega do interior)*. Con *A festa son eu!!*, o grupo dera un paso máis na súa carreira para ofrecerlles aos seus espectadores un intenso directo, no que se deron a coñecer novas cancións e co que O Sonoro Maxín demostrarán que, a súa onda, non deixa de se espallar nin de medrar e tampouco de sorprenden. Agora, no 2017, chega un novo traballo co título *Sete e dezasete* na mesma liña cós anteriores: garantir a festa e ritmos que quenten o corpo desde a identidade galega.

FICHA ARTÍSTICA

Ico: Voces

Abraham “el niño”: guitarra

Cristina Asenjo: acordeón

Xurxo Brea: baixo

Jaime Mateo: batería e percusións

Miguel Xanceda: Son en directo

info

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Xesús Vaamonde: Gaita, percusión, voz

Pedro Lamas: Saxo soprano, voz

Xosé Lois Romero: Acordeón, voz

✚ info / ▶ ver vídeo

VAAMONDE, LAMAS E ROMERO

O tambor de prata

TRADICIONAL

ARTISTA/BANDA

Xesús Vaamonde, Pedro Lamas e Xosé Lois Romero son tres músicos sen os que a música galega actual non se podería comprender. As súas traxectorias individuais abranguen dende a música de raíz até o folk, a fusión ou o jazz, pasando pola composición e a dirección musical. Sempre recibiron o recoñecemento do público e, como docentes e estudosos da nosa tradición, o respecto do sector.

Con esta nova entrega, **Vaamonde, Lamas e Romero** afoxan na súa estética artística, coa que mesturan as melodías co humor, co obxectivo de desacralizar a música tradicional e achegala dun xeito diferente ao público. Desta forma, convértese dende 2006 no trío máis retranqueiro da música actual. Nesta ocasión, preséntanos unha proposta escénica na que se repasa un repertorio composto exclusivamente por temas dunha formación única na historia de Galicia: *Os Trinta de Trives*. Ofrecénnos a súa particular visión cómica e desprexuízada deste cuarto que triunfou hai máis dun século aquí e alén das nosas fronteiras, cuxa traxectoria resulta ser un conxunto de anécdotas e vangardismo. Para **Vaamonde, Lamas e Romero** os de Trives impulsaron un concepto que precisa ser reivindicado: o cosmopolitismo da montaña ourensá..

www.culturactiva.org



SÉRGIO TANNUS

Son brasileiro

SAFRA

ARTISTA/BANDA

Tannus é, hoxe por hoxe, un dos artistas máis completos da “safra brasileira”. Autodidacta e cidadán do mundo, o artista comezou a súa traxectoria musical profesional moi cedo, aos 14 anos. Despois de moitos anos acompañando a diversos artistas, decidiu gravar o seu primeiro proxecto musical en solitario titulado Múltiplos camiños, onde asinou todas as composicións e arranxos. Dese xeito Tannus confirmaba e consolidaba a súa versatilidade e calidade musical, gravando todos os instrumentos do álbum. Grazas a este traballo emprendeu unha longa xira por diversos países europeos, como Francia, Alemaña e Portugal.

No seu periplo polo vello continente descubriu Compostela, onde decidiu quedar a vivir. Desde a súa chegada a Galicia, ven compartindo experiencias e colaboracións, como músico acompañante e/ou produtor musical, con artistas como Uxía, António Zambujo, Carlos do Carmo, Chico César, Lenine, João Afonso, Kepa Junkera, entre moitos outros.

Este é un proxecto de gran porte e numerosos colaboradores, con cancións e arranxos orixinais do propio Sérgio Tannus, sempre apoiado pola formación base que conforma o seu trío xunto a Gutier Álvarez e Paulo Silva.

Acompañárono en Son Brasileiro moitxs daqueles artistas galegx que o coñeceron e que compartiron con el grandes momentos musicais en todos eses anos que leva vivindo en Galicia. É un traballo que aposta polo intercambio, polo achegamento cultural e persoal, pola fusión de ideas, polos ritmos e as raíces comúns. Trae, ademais da música intuitiva, a reflexión sobre a nosa identidade e irmandade, e, por riba de todo, sobre o futuro das mesmas a través da música e desa sonoridade atlántica que nos fai a todxs ser “brasilegx”.

FICHA ARTÍSTICA

Sergio Tannus: Guitarras, voz e percusións

Gutier Álvarez: Zanfona, violín e gaita

Paulo Silva: Percusión

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

www.culturactiva.org



PANDEIROMUS

Teño Días

TRADICIONAL

ARTISTA/BANDA

Desde sempre, os membros de **Pandeïromus** sentíronse atraídos pola tradición oral. Así xurdiu o grupo, que, desde os seus primeiros pasos en 1992 dedicouse a percorrer Galicia escoitando historias, retendo melodías, cantando cancións e recollendo a nosa tradición musical. Con todo ese material, foron conformando un amplo repertorio que esmiúzan en cada un dos seus concertos, nos que podemos coñecer o seu talento vocal, mais tamén instrumental. Dese xeito, as súas voces mestúranse co son das gaitas, do tamboril, das pandeiretas, da caixa ou do bombo. Tamén das culleres, das botellas e mesmo da lata de carburo. Ao longo da súa traxectoria, xiraron por Galicia, España e Portugal. A súa discografía inclúe tres álbums: *En conserva* (1998), *Tolemias* (2002) e *Teño días* (2014) - teñen colaborado en discos das Leilía, de Uxía Senlle ou no Jacobusland, editado co gallo do ano Xacobeo 1999.

O ESPECTÁCULO

En 2007, **Pandeïromus** decide volver aos escenarios, e comeza a andaina para reinterpretar o seu antigo repertorio melódico mesturado con letras de poetas como Séchu Sende, ou Xabier Picallo, e arranxado por Pedro González, Vadim Yuknevich e Cristian Silva. En novembro de 2014, presentaron oficialmente o novo disco, *Teño Días*, primeira entrega da triloxía *Teño Días*, *Teño Noites*. Con este proxecto, a banda -a primeira de pandeireteiros homes- dá un paso adiante no seu proceso creativo: con este terceiro álbum, tras *En conserva* e *Tolemias*, o grupo, que se dedicou ao longo da súa traxectoria á recollida da tradición cantada do noso país, achéganos creacións musicais propias para ofrecerlle ao público un novo repertorio. As cancións deste novo disco están interpretadas por Roberto Grandal co acordeón, Xesús Rodríguez coa percusión e gaitas e coas voces e pandeiretas de Rafael Iglesias, Afonso Sestelo, e Topo Vidale.

FICHA ARTÍSTICA

Rafa Iglesias: Voz, percusións (pandeireta, caixa, lata, tambor, cunchas, pandeiro, bombo)

Afonso González: Voz, percusións

Topo Vidal: Voz, percusións, gaita, frauta

Roberto Grandal: Acordeón

Xesús Rodríguez: Percusións, Gaita

[+ info](#) [ver vídeo](#)

www.culturactiva.org



COANHADEIRA

Bicos con luvas

TRADICIONAL

ARTISTA/BANDA

Coanhadeira nace no ano 2006 como unha banda de música folque que amosa aqueles “restos” musicais conservados até os nosos días a través da tradición oral da cultura galega. Dese espírito vén o seu nome, xa que as coanhadeiras eran nalgúns puntos de Galiza as mulleres (tamén a vasoira que empregaban) encargadas de varrer os restos do cereal durante a malla. Grazas á beleza das melodías tradicionais e aos seus directos cargados de forza, esta banda acadou numerosos galardóns e camiñou sobre moitos dos principais escenarios folque do sur de Europa, coma o Festival de Pardiñas, A Carballeira de Zas, o Festival Intercéltico de Ortigueira, o Sauga Folk de Cantabria, o Trobada de Buners (Andorra) ou o Festival Interceltique de Lorient, entre outros.

O ESPECTÁCULO

Coanhadeira condensou nunha caixiña todas as pequenas e grandes ideas xurdidas ao longo dos últimos cinco anos. Bicos con luvas pretende sumarse en positivo á musica feita en Galiza, sen prexuízos e facer bailable calquera lugar, ateigar do poder percusivo, de letras sorprendentes, de atmosferas sutís, de adornos do país e de anacos dos mundos de cada un dos compoñentes da formación e do camiño conxunto até hoxe de Coanhadeira. Por eses camiños, este grupo folque continuará unha traxectoria musical que xa recolleu o recoñecemento do público e da crítica. Gañadora do concurso Nsaio no Camiño 2007 ou do Folk Escenario Prau de Cantabria, Coanhadeira está considerado xa, mesmo antes de lanzar este novo traballo discográfico, como un grupo referente para o sector.

FICHA ARTÍSTICA

Patricia López: Voz e pandeireta
Alberto Sánchez Caseiro: Acordeón
Chechu Pérez: Gaitas e zanfona
Kinhos Saburido: Percusións
Óscar Freire: Saxo soprano e tenor
Samuel Soto: Bouzuki
Efrén Novoa: Baixo

 **info**  **ver vídeo**

www.culturactiva.org 



ORQUESTRA

OS MODERNOS



Dissimulem!

FICHA ARTÍSTICA

Xosé Tuñas: Batería

Joám Casas: Clarinete

Alonso Caxade: Trombón

Iria Pinheiro: Cantante “Rosalie de Choix”

Martín Nogueira: Trompeta

Paco Nogueiras: Acordeón

Alberte Rodríguez: Contrabaixo

⊕ info ⊕ ver vídeo

ORQUESTRA OS MODERNOS

Dissimulem!

TRADICIONAL

ARTISTA/BANDA

A claridade das lámpadas de cores, o cheiro a pólvora, o arre-cendo das friameiras, até a xeometría dos cadros dos manteis se levantan e brindan pola oportunidade dada ao “frote” e ao “arre-chuche” contaxiada polos ritmos máis modernos da **Orquestra “Os Modernos”**. Como consecuencia da súa constate ansia por se renovar e a experiencia a través de tantas xiras por Europa e América do Sur e do Norte, a **Orquestra Os Modernos**, ofrécelles un repertorio renovado de bailes como manda a última moda: *fox trot*, baião, chotis, habanera ou tango americano, corrido, rumba, mazurca e mesmo un *avant-garde twist*, sen esquecer tampouco eses ritmos máis arcaicos e propios do noso folclore como a muiñeira ou a xota.

O ESPECTÁCULO

Tras 5 anos de exitosos directos por toda Galicia (e parte de Asturias), a **Orquestra Os Modernos** gravou, nos Estudios A Ponte, o seu primeiro disco, *Dissimulem!* O rexistro musical que garda a esencia das noites de verbena e as mañás de vermú, un disco esencial en toda casa moderna e en todo automóbil para o goce de toda a familia e mais o can. Cancións coma “O Uruguai”, “A chula tanguista” o “Passa-ruas dos Airinhos de S. Cáprio” nun disco de pizarra que recolle os seus ritmos modernos e incitantes.

www.culturactiva.org



BOLBORETA

Metamorfose

MESTIZAXE

ARTISTA/BANDA

Bolboreta é o proxecto musical de Lydia Botana, a perspectiva do mundo e da vida que ten ese verme que se arrastra, cambia despois de recapacitar e transformarse nun ser que agora voa e ve as cousas dende outro punto de vista. Lydia Botana leva toda a vida na música: pedagoga da linguaxe e educación musical, neste seu proxecto persoal pon voz, guitarra, piano e acordeón. Actualmente forma parte do conxunto poético-punk-rap Labregos do tempo dos Sputniks como batería e acordeonista e produce espectáculos didáctico-musicais para nenos como *De aquí para alá* (libro-disco coa editorial Cumio). Pasou por festivais coma o Busker's Festival Barcelona, Foundation Reggae Festival, Reperkusión, Castañazo Rock, Brincadeira... E colabora con La Pegatina, Xurxo Souto, Gogol Bordello, Manu Chao... Actualmente está a presentar este primeiro disco EP, *Metamorfose*, cunha xira que comezou en Galicia e xa pasou por Barcelona, Madrid, Zaragoza, Mallorca, Reus, Tenerife, Lleida, País Vasco, e varias xiras polo sur de Francia, París e a Bretaña francesa tanto en formato acústico coma en eléctrico.

O ESPECTÁCULO

O repertorio de Bolboreta fusiona xéneros musicais coma o *reggae*, *latin*, *rock*, *rumba*, *punk*, *jungle*, *pop*, *ska*, *cumbia*... E versións que abranguen desde temas tradicionais galegos até Bob Marley ou Mano Negra. Neste proxecto, pode ofrecer diversos formatos, con banda en eléctrico (acompañada por batería, guitarra eléctrica, baixo) ou en formato acústico (distintos acompañamentos a dúo, trío, cuarteto con caixón flamenco, guitarra acústica), en función das características da sala ou das necesidades técnicas. Un concerto cargado de enerxía con boa onda que fai bailar, unha música que fala do respecto pola terra e polas persoas, da superación dos obstáculos, de activar consciencias.

FICHA ARTÍSTICA

Voz, guitarra acordeón, piano: Lydia Botana

Acompáñase doutros músicos en diversos formatos.

Formación eléctrica con: guitarra eléctrica, baixo, batería

Formación acústica: percusións, baixo acústico

⊕ info ▶ ver vídeo

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Virxilio da Silva: guitarra e voz

Fernando Sánchez: guitarra

Paco Charlín: baixo

Max Gómez: batería

info ver vídeo

ROCK GALEGO

ROCK/METAL

Foxy Freire

Premio Martín Códax da Música 2016 na categoría de rock.

Foxy Freire nace no ano 2010 nas Rías Baixas, nutrida do *rock* de finais dos 60 e principios dos 70 (desde Jimi Hendrix, MC5, Led Zeppelin, Black Sabbath, Blue Cheer, Leaf Hound, Cream o Grand Funk Railroad, até bandas mais recentes como Queens of the Stone Age ou Fu Manchu). Durante os últimos catro anos pasaron polos escenarios das mellores salas galegas e do norte de Portugal, ofrecendo un espectáculo cheo de enerxía e puro rock and roll. *Mongoose Tree* é o seu primeiro EP. Tocaron nalgunha das salas máis importantes das Rías Baixas, coma o Aturuxo de Bueu, a Salason de Cangas, o Náutico e a Q3 de Ogrove, a Karma de Pontevedra, a Disco Tasca de Redondela ou a Fábrica de Chocolate, Xancarajazz, e Sala Playmobil de Vigo. Tamén no resto de Galicia: a Berlín de Ourense, coa banda galesa Bualo Summer, o Clavicémbalo de Lugo, o Pub D'Anton na Laracha ou o Gatos de Melide, e teñen atravesado o Miño, para actuaren no Baluarte, en Monção. Actuaron tamén en festivais coma o Millo Verde 2013, Redondela; o Son Rías Baixas 2013, Bueu; o Brinca na Praza 2013, Pontevedra; o Porenarte 2011, Portonovo; o Festival Arde Rande 2011; ou o San Cidre 2010, Cangas.

Martelo

Martelo é o Power Rock Trio de Xacobe Martínez Antelo, que xunto a Manuel Cebrián na guitarra e Max Gómez na batería, vén achegar unha dose enerxética de actualidade á escena nacional do rock. Cancións orixinais, combativas, e poderosas con letras corrosivas e mordaces en galego. Os que xa escoitaron a Martelo, sinalan a Jimi Hendrix, Rage Against the Machine, Os Resentidos, Urban Dance Squad, Def Con Dos, Red Hot Chili Peppers ou Rollins Band, como principais referencias. Agora están a presentar o seu primeiro disco.

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Max Gómez: drums

Manuel Cebrián: guitar

Xacobe Martínez Antelo: bass & vocals

info ver vídeo



✿ **FORMATO ESPECIAL**

GUADI GALEGO

O mundo está parado con convidad@s especiais

POP

ARTISTA/BANDA

No ano 2016, ano en que recibe o Premio Martín Códax da Música á mellor artista na categoría de canción de autor, **Guadi Galego** presentou *O mundo está parado* (FOL Música, 2016), o seu terceiro álbum en solitario. Dez temas redondos para deter o tempo, con letras que viaxan do persoal á reflexión colectiva sobre cuestións como a identidade e a coherencia: seis da súa autoría, tres de Carlos Abal e un de Pachi García, que exerce novamente como produtor musical. O seus directos teñen esa sonoridade envolvente con arrecendo pop, un son que funambula entre a tradición e a vangarda e que acada a súa madurez neste último traballo. Unha presa de cancións sobre a necesidade de parar a sentir, a reflexionar, a respirar, nun mundo que, malia a aparente velocidade e exceso de información, está parado no máis humano.

Na súa estrea, **Guadi Galego** estivo arroupada pola súa ampla familia musical: o pianista Abe Rábade e o escritor Anxo Angueira, cos que tiña colaborado fai anos no proxecto Rosalía 21, o multi-instrumentista Anxo Pintos, o acordeonista Santi Cibeiro, o clarinetista Pablo Pascual e outra das grandes voces da música galega, Sonia Lebedynksi. Estes artistas e moitos outros amigos e colaboradoras habituais de Guadi, coma Uxía, compoñen unha nómina de convidados de luxo, dos que se poderán escoller tres, segundo dispoñibilidade, alén do cuarteto de ventos e cordas que lle dan esa sonoridade tan especial a *O mundo está parado*, para un concertó realmente inesquecible, como o foi o Concerto de Nadal da Universidade de Vigo.

FICHA ARTÍSTICA

Guadi Galego: voz e piano

Guillherme Fernández e Carlos Abal: guitarras

Paco Charlín: baixo

Isaac Palacín: batería

+ Cuarteto de ventos + Cuarteto de cordas

+ Tres convidad@s especiais

ⓘ info ▶ ver vídeo

www.culturactiva.org



✳ **FORMATO ESPECIAL**

TALABARTE

Ao son da cociña

FOLK

ARTISTA/BANDA

Ao son da cociña é unha degustación para os sentidos e para a sensibilidade. Sensacións, sabores e sons nun mesmo instante, son quen de espertar -cos aloumiños da música- unha parte tan lendaria como mística da historia da gastronomía.

O grupo formado por Pedro Pascual, Quim Farinha e Kin García convértese nesta ocasión nun cuarteto, con Xián Herrera na cociña e acompañándoos coa gaita en varias ocasións durante o espectáculo.

Emprenden deste xeito unha viaxe única que levará o público a un universo a medio camiño entre o real e o imaxinario, onde redescubrirán un dos grandes creadores renacentistas. Coas novas composicións da banda, os espectadores probarán os pratos e sentarán na mesa de Leonardo DaVinci. Inventor, escultor, pintor, arquitecto. Tamén enxeñeiro e filósofo. Por suposto, científico e botánico. E sen esquecer que, polo baixo, alí onde a profundidade da historia non sempre chega, tamén cociñeiro entre fogóns. Esa é a vertente do universo Da Vinci cara á que olla Talabarte.

FICHA ARTÍSTICA

Duración: 75 minutos

Público: Público Familiar

Tipo espectáculo: Folk-Trad

Quim Farinha: violino

Pedro Pascual: acordeón diatónico

Kin García: contrabaixo

Xián Herrera: chef e gaiteiro

info **ver vídeo**

www.culturactiva.org



✿ **FORMATO ESPECIAL**

SUMRRÁ

Sumrrá and friends

JAZZ

Considerado como o “trío mais vangardista da escena jazzística española”, Sumrrá é sen dúbida a banda de jazz galego con máis personalidade e difusión internacional. Dezaseis anos e cinco discos cos que o trío se deu a coñecer, chegando a ser unha das poucas formacións de jazz que disfruta do “fenómeno fan”, xa que conta con múltiples seguidores. Traspasando fronteiras o éxito de **Sumrrá** chega até Sudáfrica, Bulgaria, Bolivia, Marrocos, Francia e Portugal nas súas xiras internacionais.

Sumrrá presenta agora o que nunca fixera. Un proxecto único, innovador, dirixido a todos os públicos amantes da música de vangarda: Sumrrá & Friends: Iria Penha é unha das cantaoras de flamenco referentes en Galicia, que abrangue outros estilos tan diferentes como o fado, folk, blues, música brasileira....; Alberto Cereijo, coñecido por ser un de Los Suaves, é un dos mellores guitarristas de rock de España; Suelen Estar Quartet, cuarteto de improvisación libre de corda frotada, naceu no seo da O.M.E.Ga (Orquestra de Música Espontánea de Galicia); e Dj Mil, “turntablist” subcampeón de España da DMC 2014, traballa actualmente con Komando Katana, García MC, e un longo etc...

FICHA ARTÍSTICA

Duración: 75 minutos

Público: Adulto

Tipo espectáculo: Jazz

Manuel Gutiérrez: piano

Xacobe Martínez Antelo: contrabaixo

LAR Legido: batería

Iria Penha: cante flamenco

Alberto Cereijo: guitarra eléctrica

Suelen Estar Quartet: cuarteto de corda

Dj Mil: pratos

⊕ info ⊞ ver vídeo

www.culturactiva.org



✿ **FORMATO ESPECIAL**

VAAMONDE, LAMAS E ROMERO

Coa túa banda de música
TRADICIONAL

ARTISTA/BANDA

Vaamonde, Lamas & Romero sorpréndennos cunha proposta orixinal e divertida: un concerto con banda de música en clave de humor. O espectáculo inclúe arranxos sobre repertorio tradicional realizados polo saxofonista e compositor Roberto Somoza que, de xeito maxistral, combinan o sabor popular con elementos de modernidade. O trío ofrece este espectáculo ‘coa túa propia banda’. Música popular e teatralidade aderezados con grandes doses de humor e retranca. Un bálsamo terapéutico e liberador para estes tempos de crise.

Teñen actuado xa coas bandas máis prestixiosas do país, celebrando algunhas ocasións especiais: pecharon o ciclo “Na raíz” no Teatro Jofre ferrolán, coa Banda Ferrolá de Música; no Pazo da Ópera coa Banda Municipal da Coruña; coa Unión Musical de Allariz no Campus de Ourense; coa Banda Musical e Cultural de Salceda de Caselas; coa Banda Municipal de Padrón, coa de Ordes... Un espectáculo que contaxia humor e alegría a todos os públicos.

FICHA ARTÍSTICA

Xesús Vaamonde: Gaita, percusión, voz

Pedro Lamas: Saxo soprano, voz

Xosé Lois Romero: Acordeón, voz

⊕ info / © ver vídeo

www.culturactiva.org



✿ **FORMATO ESPECIAL**

VERBENA GALEGA

Verbena Galega 2017

VERBENA

ARTISTA/BANDA

A **Verbena Galega** de sempre, pero coma nunca a viches. Ese é o espírito deste espectáculo que lle ofrece ao público máis de cinco horas de música e baile en galego. Unha explosión de música, humor e risa no campo da festa. Trátase, no fondo, dunha revisión do concepto actual de verbena para crear unha proposta única centrada, por un lado, na música de baile tradicional e, polo outro lado, na música de baile máis moderna e mestiza: ritmos latinos, pachanga, cumbia, *reggae*, etc. E todo coa opción de seren complementadas con diversas actividades para público familiar que, de seguro, encherán de cor calquera festa en Galicia que queira innovar e diferenciarse das demais. A Verbena Galega que Culturactiva propón dura cinco horas de música e baile, co denominador común da lingua galega e coa fusión da festa tradicional e moderna a un tempo. As actuacións musicais divídense en 2 pases (un de cada grupo) coa posibilidade da intervención dun grupo de animación antes da sesión musical e un picadiscos como peche das actuacións. Ademais, é posible contar con espectáculos que ofrezan unha alternativa lúdica para público familiar en torno ao circo, ao clown, ao humor, etc. No fondo é a Verbena de sempre, revisada e feita a medida para calquera vila. Como exemplo, abonda con lembrar como arrincou o 2016 na Praza do Obradoiro compostelá, cunha excepcional Verbena Galega Fin de Ano na que Os d'Abaixo, O Sonoro Maxín e Bigote Mix, nunha gala presentada por Isabel Risco, fixeron que miles de persoas non parasen de bailar.

FICHA ARTÍSTICA

- 1 Grupo de música tradicional
- 1 Grupo de pachanga galega
- 1 Picadiscos de música galega + Tráiler-Escenario móbil
- Ata 40.000 w de son
- Ata 100.000 w de iluminación e robótica


✚ info ▶ ver vídeo

www.culturactiva.org



MÚSICA/ DE RÚA

www.culturactiva.org



FANFARRIA TAQUIKARDIA

Música taquikárdica

FANFARRIA / MÚSICA DE RÚA

ARTISTA/BANDA

Grupo de música extremo festeiro de repertorio taquicárdico, que vai das melodías balcánicas a coñecidas pezas da música clásica e do cine, pasando pola música tradicional galega e latina, achegándolle sempre o espírito necesario para o baile e a xoldra. A banda está integrada por instrumentos de vento-metal e percusións varias. A formación principal compóñena trompeta, clarinete, saxo alto, saxo tenor, trompa, trombón, tuba, caixa re-adornada, timbais e bombo-pratos.

As influencias musicais son varias, comeza polas fanfarrias de Europa do Leste, os “brass ensembles” de Nova Orleáns, as charangas carnavalescas caribeñas e brasileiras e a música tradicional galega. Os integrantes de banda proceden de varios grupos do panorama musical galego: Os Cuchufellos, Os Bechuchos, Pelepau, Skandalo Gz, Pan de Capazo, Os Festicultores, Os Podridos, A Vaga Banda ou A compañía do Ruído. Ninguén queda impasible e moito menos inmóbil co brutal espectáculo que ofrece este particular conxunto musical. Con eles un pode saber cando comeza a música e a festa, pero non cando remata.

FICHA ARTÍSTICA

Estilo: Fanfarria - Música de rúa

Duración: Variable

Público: Para todas as idades

Espazo: Exterior

 **info**  **ver vídeo**

www.culturactiva.org 



APERTA

Bloquinho brasileiro

MÚSICA DE RÚA / BATUCADA

ARTISTA/BANDA

Aperta (Asociación de PERcusionistas e TAmborileiros/as) foi creada en Vigo no ano 2004 co fin de apoiar e promocionar a música en xeral e a percusión en particular nun entorno social, procurando favorecer e desenvolver a inclusión social dun xeito lúdico e participativo.

O ESPECTÁCULO

Calquera época do ano é boa para dar un toque de cor e ritmo, para animarse e participar. Cada ano son máis os festivais que contan con este espectáculo, caracterizado por estar en contacto directo co público, e interactuar con el contaxiándose e bailando ata a extenuación os seus frenéticos ritmos.

FICHA ARTÍSTICA

Duración: Variable

Público: Público familiar

Tipo de espectáculo: música de rúa

 **info**  **ver vídeo**

www.culturactiva.org 



TRÓPICO DE GRELOS

Bloquinho brasileiro

MÚSICA DE RÚA / BATUCADA

ARTISTA/BANDA

Trópico de Grellos é unha asociación compostelá que explora os principais ritmos afro-baianos, tradicionais do Entroido do nordeste do Brasil. Son coñecidas as súas actuacións en prazas, rúas, centros comerciais e zonas antigas das principais cidades e vilas de Galiza e norte de Portugal, distinguidas pola súa experiencia e profesionalidade.

O ESPECTÁCULO

Calquera época do ano é boa para dar un toque de cor e ritmo, para animarse e participar. Cada ano son máis os festivais que contan con este espectáculo, caracterizado por estar en contacto directo co público, e interactuar con el contaxiándose e bailando ata a extenuación os seus frenéticos ritmos.

FICHA ARTÍSTICA

Duración: Variable

Público: Público familiar

Tipo de espectáculo: música de rúa

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

www.culturactiva.org



O SONORO MAXÍN

A onda sonora na rúa

MÚSICA DE RÚA

ARTISTA/BANDA

O Sonoro Maxín naceu no verán de 2007, a partir do reencontro de vellos amigos e coñecidos da música galega que formaban parte de proxectos diferentes como Lamatumbá, Cinnamon, Gum, Mutenrohi e The Pigmaliions. Estreáronse en Ourense, a súa cidade natal, o 20 de decembro. A partir dese debut, percorreron durante os seguintes anos toda a xeografía galega con máis de 150 concertos. En moitos deles compartiron escenario con músicos como Manu Chao & Radio Bemba Sound System, Shantel & Bucovina Club Orchestra, Los Delinquentes ou Tonino Carotone.

O ESPECTÁCULO

O Sonoro Maxín reinvéntase cun formato no que achega a súa músicas ás rúas e prazas, un formato reducido e moi adaptable no que a banda viaxa nunha furgoneta que leva o seu propio equipo de son. A Onda Sonora viaxa así a calquera lugar onde sexa necesario, tocando a pé de chan pero con toda a súa forza. Neste formato coñecemos a **Sonoro Maxín** denden outra perspectiva, nun diálogo próximo de ti a ti co espectador. Non hai distancias entre os músicos e o público, son un mesmo ser que nace de forma espontánea ao xuntarse, sinxelamente, pola rúa. Como dous vellos veciños que se cruzan no medio da praza, dese xeito funciona a *Onda Sonora na Rúa*. Espállase, viaxa por entre as beirarrúas e enche a todos dun mesmo son. Queres coñecer o que esta Onda Sonora anda a asubiar?

FICHA ARTÍSTICA

Ico: Voces

Abraham “el niño”: guitarra

Cristina Asenjo: acordeón

Xurxo Brea: baixo

Jaime Mateo: batería e percusións

Miguel Xanceda: son en directo

Duración: 50 minutos

 info

www.culturactiva.org 



CÉ ORQUESTRA PANTASMA

Home orchestra

MÚSICA DE RÚA

ARTISTA/BANDA

Baixo **Cé Orchestra Pantasma** agóchase o vigués César Freiria, músico autodidacta e apaixonado dos instrumentos musicais. Comezou a súa andaina musical aos oito anos dentro da música tradicional e dende aquela non deixou de navegar polos variados estilos da música popular, chegando a formar parte de grupos tan dispares entre si coma A Roda ou a banda de punk Oxtiax ke te Pariu. Desde comezos do verán de 2008 e con máis de 150 concertos por ano, este músico leva percorrido toda a xeografía galega, paseándose polos mellores festivais e festas do país levando ás costas a súa proposta: **Cé Orchestra Pantasma**, un proxecto musical, unipersoal e versátil, grazas ao seu amplo e variado repertorio, no que se conxuga a perfección toda unha vida musical.

O ESPECTÁCULO

Apoiándose na recuperación da figura do *Home Orchestra*, **Cé Orchestra Pantasma** convértese na fórmula perfecta para escapar do mundo por uns intres, deixándose levar, entregándose por completo á festa. Porque iso é o que son os seus espectáculos: unha gran festa chea de forza, ritmo e fantasía onde o público deixa de ser espectador para se converter en protagonista. As posibilidades que ofrece **Cé Orchestra** abranguen calquera celebración. A súa especialidade, a animación musical e as actuacións de rúa, adáptanse a calquera tipo de festas, romarías ou feiras de época. As súas actuacións tamén son aptas para os espazos pechados e pode participar en todo tipo de iniciativas, desde recitais poéticos até en celebracións e bailes para @s nos@s maiores.

FICHA ARTÍSTICA

Home Orchestra: César Freiria

Estilo: animación musical

Duración: Variable

Público: Para todos os públicos

[+ info](#) [ver vídeo](#)

www.culturactiva.org



OS MONIFATES

Os Monifates

TRADICIONAL

ARTISTA/BANDA

Os Monifates son un dúo cunha ampla experiencia musical, formado por un músico e un artesán de instrumentos tradicionais que se encarga da confección dos instrumentos utilizados nas actuacións. Nacen cunha filosofía de transmitir un son diverso e dinámico. Anque só se vexa un dúo, créase amplitude, grazas á variada instrumentación que se emprega: o eixo central está formado pola gaita tradicional, o bombo e a zanfona, intercalando entre as melodías outros trebellos coma o pínfano, punteiros, gaita tumbal do século XIX, diversa instrumentación de percusión coma culleres, castañolas de peito, táboa de lavar... As súas actuacións contan ademais cunha parella de bailaríns (títeres de táboa). En definitiva, **Os Monifates** ofrecen animación versátil en formato acústico. Non precisan equipo de son nin palco, e o seu espectáculo está encamiñado a animar pequenas prazas, feiras, ou calquera tipo de evento onde preste escoitar un pouco de música tradicional, nun formato orixinal.

FICHA ARTÍSTICA

Músicos e manipuladores: Alberto Millán
Betanzos, José Piñeiro Pérez

⊕ info ⊞ ver vídeo

www.culturactiva.org



Culturactiva S. C. G.

Triacastela, 3, baixo, 15703,
Santiago de Compostela

981 582 836

www.culturactiva.org

info@culturactiva.org

